

HENRIQUE HARGUINDEY BANET

***DESAPRENDA A FALAR
GALEGO EN 15 DÍAS COS
ERROS DUN TRADUTOR
AUTOMÁTICO..
E REAPRENDA NOUTROS 15***



Esta obra é distribuida baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Harguindey: Desaprenda a falar galego en 15 días

<http://palabrasdesconxeladas.gal>

Errare humanum est

Hai moitos anos, estabamos xuntos varios mozos que traballabamos aquel verán nuns grandes almacéns de París. A maioría eran franceses e falabamos na súa lingua. Un compañeiro madrileño púxose a contar que esa mañá, no seu departamento, o de ferramentas e artigos de ferrataría, vira como un rapaz collera un metro e o metera no peto. Pois ben, a cara dos franceses foi de asombro e de non entenderen nada. Como se pode meter un metro no peto? Evidentemente, eles tiñan razón porque a palabra que o mozo dixera era *métro*, que en francés se aplica unicamente ao tren de transporte urbano subterráneo; para indicar a unidade de medida –ou a cinta que serve para medir á que el se refería- debería ter utilizado a palabra *mètre*.

Este tipo de confusións é moi frecuente cando non se domina unha lingua e todos temos cometido erros parecidos na nosa aprendizaxe (que nunca está totalmente rematada, por outra banda). Son erros necesarios. E deles aprendemos.

I CONCEPTOS BÁSICOS

As falsas equivalencias

É lóxico que erremos: o que facemos é aplicar criterios e equivalencias que funcionan na nosa lingua e que en xeral funcionan na outra lingua, maiormente cando se trata dunha lingua próxima á nosa. Por exemplo no caso das linguas románicas entre elas. Pero non sempre se dá a equivalencia: dúas linguas románicas poden coincidir unhas veces e outras non. Así, se collemos a palabra galega *planta* e a francesa *plante*, os dous significados coinciden cando nos referimos a un vexetal (e poderemos traducir *Hai unha planta no balcón* por *Il y a une plante sur le balcon*) e mais tamén cando nos referimos á parte do pé coa que pisamos (e poderemos traducir *Mancouse na planta* por *Il/Elle s'est fait mal à la plante*). En troque, non poderemos facer a mesma equivalencia, a mesma tradución, se falamos do nivel, do andar ou piso dun edificio. A pregunta *En que planta está o servizo de Radioloxía?* non sería en francés *Dans quelle plante est le service de Radiologie?* senón *Dans quel étage est le service de Radiologie?* Normalmente, un francés quedaría desconcertado ante a primeira pregunta e non entendería o seu sentido.

Tampouco, habendo maior afinidade, as equivalencias se dan sempre entre o galego e o español. Por exemplo onde o español utiliza a única palabra *sueño* para dous significados distintos, o galego utiliza dúas palabras diferentes. O español di *Tengo mucho sueño* e *Esta noche he tenido un sueño muy extraño* en canto que en galego dicimos *Teño moito sono* e *Esta noite tiven un soño moi extraño*.

Un auxiliar: o dicionario

Para atopar as palabras que descoñecemos da lingua que non dominamos temos os dicionarios. Propiamente, neste caso deberíamos chamarlles *vocabularios*, pois un dicionario dá a definición, a explicación de cada palabra na propia lingua, entrementes que os vocabularios se limitan a traducir, a dar a palabra equivalente na outra lingua. Os que chamamos dicionarios galego-francés, español-inglés, ou italiano-alemán, por exemplo, son realmente vocabularios.

Estes *dicionarios* teñen maior ou menor utilidade para cada persoa segundo o volume de palabras que conteñan, pero o criterio da cantidade non é o único nin o mellor: a calidade, é dicir a boa correspondencia das palabras, a súa correcta organización, a explicación de cada posible uso diferente, as expresións da que forma parte, etc. é o que verdadeiramente conta.

Porque de nada serve ás veces que unha persoa consulte un dicionario se este non lle aclara que termo usar cando hai varios. Un dicionario español-galego que simplemente poña como equivalentes de *sueño*, sen maior aclaración, as palabras galegas *sono* e *soño*, non será útil para a persoa que o consulta se ela non coñece previamente a diferenza; deixaraa na dúbida e co risco de cometer un erro cando as utilice. Por iso, os vocabularios-dicionarios deben ser consultados con tino; a súa utilidade verdadeira é para aquelas persoas que xa coñecen a outra lingua: o que fai o vocabulario é lembrarllas o que xa coñecen.

A máquina que traduce por nós

O tradutor automático ven sendo unha especie de dicionario que busca e coloca, en por el, nunha frase seguida, os termos atopados, coa súa correspondente puntuación e signos gráficos (exclamacións, interrogacións, comiñas...). Esta base de datos informática, de funcionamento mecánico, distínguese do dicionario pola súa extensión e pola súa concepción: os verbos, por exemplo, non só figuran en infinitivo senón en todas as formas posibles por persoa, tempo e modo, e os pronomes, adxectivos e substantivos nas súas variantes de masculino e feminino, singular e plural.

O tradutor automático ten a comodidade da inmediatez: solicitámoslle a tradución dunha palabra, dun grupo, dunha frase ou varias, dun texto máis ou menos curto, e no momento el fornécenos a tradución. Pola contra, como se trata simplemente dun programa para unha máquina (o ordenador), non se produce ningún tipo de reflexión, de revisión do texto traducido; dánolo como saíu seguindo a información que lle meteron: o tradutor automático límitase a poñer en ringleira os datos que atopa na base, os que introduciron as persoas que o confeccionaron, sen comprobar para nada se a palabra está traducida no sentido correcto, se hai a debida concordancia en xénero e número, ou se a frase que sae ten ou non sentido ou resulta mesmo grotesca.

Naturalmente, a maior ou menor extensión e precisión dos datos introducidos nesa ferramenta informática determinará a súa maior ou menor calidade, a súa maior ou menor exactitude, a súa maior ou menor fiabilidade.

Se facemos a experiencia de utilizarmos un tradutor bastante elemental, como o que ofrece Google na Internet, atoparémonos con que frecuentemente a tradución que ofrece dos textos sometidos é de difícil comprensión, e que mesmo ás veces chega a resultar un galimatías. Pola contra, outros tradutores tamén en liña, como o *Open Trad apertium* que ofrece a Universidade de Vigo ou o do Instituto Cervantes, teñen un nivel de calidade alto. E moita máis ten aínda o *Compendium Translator Es-Gz* da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Con todo, nos mellores tradutores automáticos prodúcense numerosos erros. Algún evitables, outros inevitables. De aí que algúns advirtan que o texto resultante precisa sempre de corrección

Por iso, a versión en galego que a Voz de Galicia ofrece da súa edición orixinal en español, traducida automaticamente por unha ferramenta informática, ao ser ofrecida directamente aos lectores sen unha previa revisión humana, dá a impresión de ter moitos erros. E dicimos *dá a impresión* porque en comparanza cun mal tradutor automático os moitos erros son relativamente poucos. O que diferencia os dous casos é a perspectiva do lector. Cando nós sometemos a un tradutor automático un texto que non entendemos, sabemos que se trata dunha máquina con erros e contentámonos cunha idea o máis aproximada posible, sabendo que o que non se entende é debido aos fallos da máquina. Pola contra, un lector da versión en liña da Voz de Galicia en galego non ten normalmente presente que o texto que lle ofrecen pode ter moitos erros, maiormente cando a versión en español non os ten (en principio). Por outra banda, o feito de peneirarmos e concentrarmos neste libro unha chea de erros que alí aparecen – procedemento necesario para o fin educativo que pretendemos- podería producir tamén unha certa distorsión da realidade: un pode ler a versión en galego do xornal e concluír que –como dicíamos enriba- os erros non son tantos. Porque están moi espaxados por todo o conxunto e tampouco son numericamente tan impresionantes.

En calquera caso, son relativamente abondosos e importantes e convén contribuír á súa corrección, que é a intención que nos anima.

Non é o mesmo traducir un texto cun nivel de fiabilidade pequeno ou insuficiente para termos unha primeira idea -para “andar por casa”- que para presentalo publicamente en sociedade. O tradutor automático ofrece unha primeira fase moi interesante; fai, como se dixésemos, o “traballo duro”, mais despois o seu resultado

debe ser revisado e corrixido por persoas que coñezan os fallos que se poden producir. *Cada cousa é para o que é (e o zapato para o pé)*, advirte un dito popular galego.

Se unha persoa que non coñecese o galego aprendese o noso idioma a través dos textos saídos directamente dos tradutores automáticos, aprendería unha fala ben rara e grotesca que pouco asemella á nosa lingua. Igualmente, se alguén que non tivese moi asentado o idioma tivese o hábito de ler a cotío eses textos dándolles total fiabilidade lingüística acabaría, con seguridade, dubidando e cometendo numerosos erros, é dicir, *desaprendendo* o galego. O obxectivo deste libro é poñer de manifesto os mecanismos que producen os erros para así, posteriormente, sermos capaces de corrixilos, de aprender dos propios erros, de reaprender a nosa lingua

Por que estes textos?

Se neste libro utilizamos os textos tirados da Voz de Galicia para ilustrar as eivas dun tradutor automático, débese unicamente a que a publicación polo xornal en Internet, en difusión libre, das dúas versións (a orixinal en español e a tradución galega) permite, chegado o caso, acceder ao texto orixinal e identificar inequivocamente os erros e as súas causas para mellor corrixilos. E ademais, son textos de variado tipo, non construídos por nós expresamente para traducilos, o que levaría sempre unha inevitable dose de subxectividade.

O traballo que agora se publica foi realizado fundamentalmente nos anos 2006 e 2007. Por iso os textos reproducidos son desas datas xa pasadas, o que non invalida para nada a análise lingüística porque o que interesa non é a actualidade das noticias senón o mecanismo do tradutor automático. Pódese, en todo caso, nas páxinas web dese medio, constatar que a situación actual é basicamente a mesma.

Tamén, nas referencias a dicionarios da lingua galega, mantemos os utilizados naquel momento, por mais que aparecesen posteriormente actualizacións deles ou outros novos dicionarios de calidade. A funcionalidade dos utilizados está totalmente vixente

Naturalmente, non nos interesan erros da tradución derivados dun erro tipográfico no orixinal español, como*analizou a fondo as regas derivadas do consumo de alcol...* pois ese estraño *as regas* ven determinado por un erro no texto español, que fala de *los riegos...* en vez de *los riesgos*. Tampouco se recollen frases carentes de sentido por unha defectuosa redacción como *A pobreza en Latinoamérica pode frear o crecemento en América Latina* ou evidentes erros de expresión como *A aparición dunha osa parda, un cervo, un bisonte e varios animais mortos abandonados no zoo de Matapozuelos (Valladolid) provocou gran indignación e malestar entre as asociacións protectoras e os sindicatos* ou *O casco histórico de Santiago ten 900 empresas, das que 606 son comercios comerciantes polo miúdo*. Nin choqueiras interferencias entre o galego e o español, como *As axudas contribuirán ao financiamento de máis de 45.000 puntos para mugir*. Finalmente, tampouco consideramos as faltas de ortografía que derivan do orixinal, como en *Bush visitará as zonas devastadas polos tornados que se cobraron 22 vidas*.

Non poñemos, logo, como exemplo frases hipotéticas senón reais e publicadas como:

“¿Medo?, non, non o teño, aínda que xa recibín dous visitas”

Os de 900 gramos apenas se morren, pero os de 600 si

Quen máis criticanos é quen non venos.

Pesca veda a centolla o día 31 de decembro, en plena tempada alta.

O primeiro erro (*dous visitas* en vez de *dúas visitas*) prodúcese porque o español non fai a distinción entre *dous* (masculino) e *dúas* (feminino) que facemos en galego. Daquela, ou o tradutor automático foi “cargado” unicamente coa forma galega *dous* ou ben, se foi “cargado” coas dúas formas, élle imposible de distinguir cando se trata dun masculino e cando dun feminino, pois traduce só palabra a palabra a menos que o carguen tamén con grupos de palabras e frases feitas. Posiblemente escolleu *dous* e non *dúas* porque a primeira posibilidade é a que se atopa diante por orde alfabética. Naturalmente, sería posible -aínda que verdadeiramente laborioso- cargar o tradutor con dúcias de miles de palabras femininas precedidas do numeral *dúas* e outras tantas masculinas precedidas de *dous*, pero moito máis cómodo é que unha persoa revise o texto e corrixa o erro.

O segundo erro (*morrerse* en vez de *morrer*) procede de manter o verbo cun uso reflexivo como na frase orixinal en español (*morirse*) cando en galego este verbo nunca o é: *apenas morren*. Evidentemente, o tradutor automático está mal “cargado”.

O terceiro titular fire os ouvidos dun falante de galego. Aínda que non soubese gramática, este sabe pola práctica lingüística que se adquire ao falar unha lingua que o correcto é : *quen máis nos critica é quen non nos ve*. A colocación do pronome átono antes ou despois do verbo varía segundo as circunstancias. Imposible para a ferramenta informática recoñecer cada suposto.

Canto a *centolla* resulta evidente que non é a palabra galega (*centola*) senón un castelanismo, a palabra española (*centollo/centolla*). Tampouco se trata dun erro illado porque na *web en galego* aparece por sistema *centolla* en lugar de *centola*. Ou ben cargaron o tradutor coa palabra incorrecta ou ben funciona mal.

Léxico diferente e léxico coincidente

Existe en galego unha serie de parellas de palabras como *mercar* e *comprar* ou *trabar* e *morder* que significan o mesmo e que podemos usar indistintamente porque as dúas son plenamente galegas.

Sería un erro pensar que porque unha palabra desa parella coincide co español se trata dun castelanismo: tamén coincide co portugués e (baixo a súa forma particular) con outras linguas románicas. Proscribir esas palabras coincidentes co español sería empobrecer o galego, privalo dunha parte do seu léxico.

Enténdese que unha persoa prefira usar as formas máis diferenciais, máis propias do galego (no exemplo *mercar* e *trabar*), sen que iso supoña proscribir as formas coincidentes co español (*comprar* e *morder*) porque tal cousa sería negativa para a nosa lingua.

Con todo, o que está acontecendo nos últimos anos é o contrario: que as formas distintas ás españolas vanse postergando e perdendo, mergulladas pola poderosa influencia do español. Se cadra é algo que tamén pasou noutros tempos e nós decatámonos só do que acontece nas nosas vidas.

Calquera pode constatar esta tendencia. Veremos que é así se pensamos en parellas como:

atopar/encontrar
pechar/cerrar
berrar/gritar
erguer/levantar
lembrar/recordar
aboiar/flotar
abondar/bastar
acadar/alcanzar
acougar/calmar(se)
despir(se)/desnudar(se)
pendurar/colgar
abranguer, abranxer /abarcas
acugular, ateigar/abarrotar
apor/achacar, atribuír
bágoa/lágrima
gorxa/garganta
xenreira/odio
pouta, gadoupa/ garra
póla, ponla/rama
adro/atrio
ledo/alegre
doado/fácil
morno/temperado
serodio/tardío
enriba/encima
se cadra/ tal vez, quizais
de contado/ en seguida, etc

Esta duplicidade de formas, as distintivas galegas e mais as coincidentes coas españolas (que poden tamén ser correctas, como dicimos), dáse non só en palabras senón tamén en construcións.

Por exemplo, a construción *hai ... que...* referida a tempo transcorrido (*Hai días que non ven por aquí*) tende a ser substituída por *fai ... que* (*Fai días que non ven por aquí*). Témolala sistematicamente no xornal:

Decodifican a secuencia de proteínas dun dinosauro de fai 68 millóns de anos

O asolagamento do autóctono

As formas diferenciadas son máis abundantes do que parece, pero o seu mergullamento polas coincidentes co español é progresivo. Non só no léxico senón na morfoloxía e na sintaxe. Acontece coa perífrase de futuro fronte ao futuro simple (*Mañá heite chamar/ Mañá chamareite*), cos pronomes persoais *connosco* e *convosco* fronte a *con nós* e *con vós* (*Veú connosco / Veú con nós*) e en moitos outros casos.

Poderíamos pensar que este declive das formas diferenciadas non sería máis que unha continuación “natural”, pois nalgúns casos a forma distintiva percibiámola como minoritaria, mais non sempre é así. A falta de enquisas lingüísticas sobre a frecuencia destas palabras e construcións teremos que basearnos en impresións persoais,

forzosamente subxectivas e se cadra erradas. Pode que *bágoa* fose máis minoritario que *lágrima* ou *lembrar* que *recordar*, mais tamén seguramente no noso idioma a forma patrimonial *adro* era probablemente máis abundante que o cultismo *atrio*, *berrar* e máis frecuente que *gritar*, *atopar* máis que *encontrar* e *se cadra* máis que *quizais*. E *hai...que...* máis que *fai...que...*

En calquera caso, remitíndonos á Voz de Galicia -pois nela podemos comparar as dúas edicións electrónicas- constátase esta superposición do español sobre o galego en moitos casos, como por exemplo no da parella *medrar/crecer*. A forma esmagadoramente dominante en galego é ata hoxe *medrar*, mais a forma practicamente única usada na edición electrónica en galego dese xornal é *crecer*

Uns poucos exemplos, coas frases do orixinal en español e a tradución mediante tradutor automático da web en galego, permitirannos constatalo:

Galicia foi a décima comunidade que máis creceu no 2006
O salario galego creceu un 3,5% no 2006, máis que a media española
O persoal de Citroën deixa de crecer na barreira dos 10.000 traballadores

Vese que as persoas que introduciron os datos no programa informático escolleron como forma única ou prioritaria a opción *crecer* fronte a *medrar*. Só cando o texto orixinal está escrito en galego (na páxina web *en castelán*) se mantén na “tradución” o verbo *medrar*.

Igualmente, o que en español se chama *la crecida* (dun río) é traducida en galego por *a crecida* cando o correcto sería *a enchente* ou *a chea*:

A crecida do Ebro mantén en alerta aos municipios da súa veiga

Naturalmente, tampouco en galego se utilizan para un río os verbos *crecer* e *ir crecido* senón *encher* e *ir cheo*. Lembremos unha cantiga popular:

O río cando vai cheo
leva carballos e follas,
tamén podía levar
as linguas murmuradoras

O que non existe en absoluto en galego é o verbo *chear* creación analóxica dos españolfalantes a partir da equivalencia do adxectivo *lleno=cheo*, que tamén adopta o tradutor automático do xornal:

O Circo do Sol chea a Madrid de “Alegría”¹
(El Circo del Sol llena a Madrid de “Alegría”)

Este éxito chea de confianza a todos os socialistas do mundo
(Este éxito llena de confianza a todos los socialistas del mundo)

Existen tamén tres parellas de adverbios sinónimos que merecen ser comentadas.
Son:

¹ Repárese na presenza incorrecta da preposición *a* tanto en español como en galego (*llena a Madrid/chea a Madrid*)

Preto (ou perto)/ cerca
Axiña/pronto
Cedo/pronto

Ata unha época relativamente recente as gramáticas e os dicionarios galegos non adoitaban incluír as segundas formas destas parellas entre os adverbios galegos, e o uso do galego culto dáballes pouca entrada, considerándoos castelanismos. Mais dende hai relativamente pouco, a normativa inclúeas como formas plenamente galegas. Do mesmo xeito, a normativa léxica, a través dos dicionarios vai dando entrada a unha serie de palabras de orixe foránea que contribúen a mergullar o léxico tradicional: é o caso de *taller* fronte a *obradoiro* ou de *nana* fronte a *arrollo*. Deixando aparte o fundado ou non desta decisión, cómpre reparar en que o emprego das formas coincidentes co español vai medrando ao amparo da súa difusión polos medios de comunicación e pola vía do emprego pola Administración Pública co modelo de galego que eles transmiten.

O emprego do tradutor automático utilizado sistematicamente para fornecer textos de difusión masiva (xornais, documentos, etc.) pode ter unha incidencia negativa sobre o léxico galego ao reducir extraordinariamente a riqueza e a variedade do noso vocabulario. Por riba -como xa dixemos- a preferencia polo termos comúns ou máis semellantes ao español provoca que ese vocabulario reducido elimine o noso léxico patrimonial españolizándoo masivamente. Imos poñer uns exemplos que amosan ese perigo:

Aquí [na construción de buques] o chan industrial reclama un atributo específico: estar ao bordo da lámina de auga e con certos calados e declives

As gretas do vello e sólido Partido Republicano

Bordo e mais *greta* figuran nos dicionarios como palabras galegas pero con toda probabilidade unha persoa que viva a nosa lingua diría mellor outras frases:

...estar á beira da lámina de auga...
... estar ao pé da...
...estar a rente/ a rentes da...

As fendas do vello e sólido Partido Republicano
As rachaduras, rachadelas, os rachóns....
As regañas, regandixas...
As lañas/os laños...

A transmisión dun galego pobre

Naturalmente, se as devanditas formas son tamén galegas ou están autorizadas pola normativa non se pode botar a responsabilidade enriba dos usuarios. Pero os medios de comunicación e a Administración non son simples usuarios: son tamén creadores e transmisores de modelos lingüísticos e pódeseles esixir un uso correcto da lingua. Uso que non se limita só a usar formas autorizadas pola normativa senón que debe consistir en promover as variantes máis patrimoniais como *erguer*, *pechar*, *lembrar*, *medrar*, *acadar*, *doado*, *axiña*, *perto*, etc. ou cando menos promover o uso de todas as variantes.

É ben sabido que é moi difícil atoparmos parellas de palabras completamente sinónimas: o máis habitual é que haxa entre elas unha pequena diferenza no significado ou que non se empreguen nos mesmos casos, habendo usos establecidos que se seguen unanimemente. Por exemplo, aínda que *salto*, *chimpo*, *pincho*, *chouto* e *brinco* signifiquen o mesmo, non falaremos senón dun *salto de altura* para o deporte, dun *salto de auga*, para o desnivel dun río ou regato ou *dun salto en paracaídas* para a acción de lanzarse ao baleiro con ese aparello que permite caír suavemente e tocar terra salvando o impacto. Falaremos dun *chimpo de altura*, un *brinco de auga* ou un *chouto en paracaídas* causaría moita estrañeza.

Outra cousa son as variantes, as formas diferentes dunha mesma palabra. É o caso de *espir* ou *despir*, *regañar* e *arregañar*, *por* e *poñer*, *tristura* e *tristeza*, etc. En ocasións, as variantes aparecen dentro da mesma zona xeográfica pero outras obedecen a xeitos de falar propios de áreas xeográficas diferenciadas (*mañán/mañá*, *man/mau*, *mao*, *nai/mai*, *caer/caír*, etc). E aínda que as normativas das linguas tenden a fixar unha única variante para a escrita, hai tolerancia na fala: dunha banda por respectar as formas locais e doutra porque a vitalidade da lingua falada asegúralles unha existencia grande malia a imposición do escrito.

A variedade de sinónimos e matices é unha das compoñentes da riqueza dunha lingua e non se debe reducir esa variedade pois o que se fai é empobrecer a expresión. A maiores, no caso do galego, se as formas que se impoñen sobre as outras palabras sinónimas e as outras variantes son as formas coincidentes co español estase a desgaleguizar o galego. E non porque esas formas sexan menos galegas –reiteramos– senón porque eliminamos outras que distinguen á nosa lingua.

No modelo do galego que comentamos escóllese practicamente sempre entre varios sinónimos, variantes e construcións aqueles que son máis semellantes ao español. Por exemplo, entre *estoupar*, *estourar*, *trascar*, *triscar*, *estralar*, *estalar*, etc. aparece case sempre *estalar* para traducir o español *estallar*.

Polo menos 18 mortos en Bagdad tras o estalido de cinco coches bomba
Dúas bombas estalan en vésperas da visita do primeiro ministro ao sur de
Tailandia

Estalan tres artefactos no País Vasco francés

Ou estoutro *vexar*, que despraza a *abaixar*, *abafar*, *asoballar*, *aldraxar*, etc.

Dous menores agreden e vexan a dous compañeiros de 14 anos en Tarragona

E emprégase o verbo *estrelar/estrelarse* (que é normativo, aínda que probablemente sexa un calco recente do español) cando en galego temos toda unha riqueza de termos para ese significado: *esfachar/esfacharse*, *esfragar/esfragarse*, *esnafrar/esnafrarse*, *bater*, etc. Non soan nada ben en galego titulares coma este:

Estrélase un voo de Kenya Airways con 115 persoas a bordo

Non se trata só de que a palabra utilizada exista en galego, senón de que exista con ese sentido. Por exemplo, *arroxar* non é a tradución do español *arrojar*; en galego a súa significación é ‘quentar algo a unha temperatura moi elevada pódoo de cor roxa, é dicir candente’ (*Puxo un ferro a arroxar*). Daquela é incorrecta unha frase como esta:

O balance do terremoto, aínda provisional, arroxa polo menos 22 mortos.

A frase en galego sería *O balance do terremoto, aínda provisional, ofrece polo menos 22 mortos* ou algo similar (*O balance é de... / O balance... cífrase en...*)

E tampouco en galego existe o substantivo *arroxo* que aparece nestoutro parágrafo:

Este retrinco de terra garda o testemuño do arroxos dos veciños, aos que se converteu en heroes por decreto, pola coraxe demostrada no auxilio aos tripulantes do vapor-correo Santa Isabel, afundido fonte as súas costas en 1921.

Por vez de *arroxo* cumpría utilizar *afouteza, valentía*, etc.

O uso correcto que reclamabamos da Administración e dos medios de comunicación tradúcese neste punto en utilizar correctamente os significados das palabra eliminando casos como os de *arroxar* por *botar, lanzar, ofrecer*, etc. ou *estrelarse* por *esnafrarse*.

Os calcos do español en locucións e frases feitas son escandalosos e chegan mesmo ao ridículo. Abonda cun exemplo:

O Executivo –que trata de amornar gaitas con ERC e EU-IC- fala do 14 de Decembro.

Amornar gaitas non existe en galego. O equivalente do español *templar gaitas* ‘tratar con contemplacións a alguén para reducir o seu descontento’ sería *andar con paniños quentes*, ou se acaso *temperar/atemperar gaitas*

Peor aínda é importar palabras españolas cando hai palabras galegas plenamente vixentes. É unha que se utiliza neste titular:

Varios alumnos dun colexio apalizan a unha nena de 12 anos en Lérida

Resulta evidente que en galego non existe *apalizar* e que no seu lugar nós diríamos *mallan, dan unha malleira, baten, bouran, zoupan, zoscan, zorregan* ou calquera outro equivalente.

Nos máis pequenos detalles aparece (ou desaparece) o perfil idiomático do galego, a súa identidade como lingua. Unha frase como *Decenas de bitácoras de todo o mundo intercámbianse as instantáneas de Marcos Vilariño* pode parecer nos correcto galego, e de certo que o é, pero: non é máis tradicional na nosa lingua falar de *ducias de bitácoras*?

A identidade

A identidade non permanece sempre inalterable. Ás veces a identidade vaise borrando. Non desaparece dun golpe senón que se vai esvaecendo paseniñamente. Hoxe perdendo un trazo, mañán outro. Un día deformando unha cousa, outro outra. Facéndose irrecoñecible progresivamente. Unha lingua, un pobo, pode chegar a perder a súa identidade.

Esta perda pode deberse a un proceso inconsciente, de desleixo, de abandono, ou consciente, inducido, a man tenta, fágase ou non dun xeito planificado e seguindo unha estratexia.

Os nomes dos lugares son auténticos documentos sonoros pois cóntannos a identidade e a historia dese país, do seu pobo e da súa lingua.

A maioría dos topónimos galegos están baseados no galego actual e son doadamente comprensibles. En xeral fan referencia a accidentes físicos como cabo, río, monte, etc. (Cabo de Cruz, Riotorto, Monterrei...), características do terreo (Laxe, Seixo, Gándara, Outeiro...), construcións feitas no lugar (As Pontes, Portonovo, Mosteiro, Carreira...), formas de poboamento (Vilariño, Casal, Quintela, Vilaboa...), actividades e oficios imperantes algún día no lugar (Frades, Oleiros, Ferreiros...), arboredo e vexetación da zona (Carballo, Xestal, Soutelo, Nogueira, Freixo, Loureiro, Silva, Teixeiro, Pereira...), etc.

Estando a maioría destes nomes baseados nun substantivo, o normal sería que levasen artigo. Mais podemos constatar que o artigo adoita conservarse só nos nomes cando estes se refiren a unha entidade de poboación pequena e adoita perderse cando denominan nunha grande. Todos temos perto de nós algún castro, ponte, xesteira, silva, laxe, piñeiro, carballo, outeiro, etc. perpetuado no nome do lugar como O Castro, A Ponte, A Xesteira, A Silva, A Laxe, O Piñeiro, O Carballo, O Outeiro, O Poio, etc. Mais a entidade *grande* perdeu o artigo. Comparemos eses lugares *pequenos* chamados O Carballo, A Laxe ou O Poio coas vilas (e os concellos que delas naceron) de Carballo, Laxe ou Poio.

A causa da desaparición do artigo nos topónimos (primeiro nos *importantes* e despois, progresivamente, "cara abaixo" estendéndose a todos) é a práctica antigalega exercida dende hai séculos pola Administración no país. A través dos documentos, dos mapas, da rotulación e de toda a maquinaria burocrática, veuse tratando de borrar todo trazo autóctono e toda presenza dun idioma propio. Nalgúns casos, mediante a desaparición do artigo (Fonsagrada, Corgo, Laracha, Porriño, Barbanza, Escarabote), a súa tradución ou a de mecanismos lingüísticos galegos como o diminutivo (La Baña, El Incio, El Caurel, Carballino), de todo o nome (El Bollo, Puentenuovo, Cabañas, La Guardia, Otero de Rey, El Valle de Oro, La Tierra Llana, El Ribero) resultando a veces estraños híbridos (Piedrafita del Cebrero, La Estrada, La Rúa, Puente Caldelas, Punteareas, La Moura, El Pousadoiro, La Lama, Los Peares, La Capela) cando non aberracións do calibre de El Niño de la Guía (O Niñodáguia) ou Hacer nada (A Cernada). Deformando os nomes dos topónimos intentábase facer que perdesen a súa identidade idiomática, que se convertesen en dialectalismos do español, que pasasen a formar parte doutra lingua.

Hoxe case toda a toponimia está restaurada e, mesmo a nivel oficial, a maioría dos nomes recuperaron o seu artigo. Con todo, aínda é posible sentir nomes truncados ou deturpados, e mesmo lelos nos xornais, como nestes titulares e frases atopados nun mesmo día na Voz de Galicia.:

Allariz, O Ribeiro, Tui, Porriño e Pontareas son algunhas zonas obxecto de investigación

Ferida unha muller ao saírse o seu coche da calzada na rotonda de Milladoiro

...a gravación do seu primeiro disco está «planeada para principios de xullo ou durante o verán no estudo de gravación Mafia Records, en Carballino»

Un caso revelador é o dun topónimo moi utilizado durante todos estes meses: Serrabal. Nese lugar do concello de Vedra atópase unha mina de cuarzo (ou *seixo*, denominación tradicional galega do anhídrido de silicio, de símbolo químico SiO₂) que se viu afectada polo trazado do AVE e foi noticia constante nos medios informativos.

Pois ben, mentres que o nome correcto do lugar parece ser o de O Serrabal, o feito de a empresa denominar a explotación *Serrabal* (sen o artigo) levou a unha práctica unanimidade no mal uso do topónimo. A ignorancia e o desleixo foron, unha vez máis, os factores que xogaron contra a nosa identidade.

Por iso debemos esforzarnos en conservar os artigos non só naqueles nomes oficializados senón tamén naquéloutros que aínda non os viron recoñecidos e nos que o uso está aínda vivo ou se conserva na memoria: O Porto do Son, A Ponteceso, O Castroverde, O Portomarín, Os Baños de Molgas, As Présaras, O Campo Lameiro, O Covelo, A Barbanza, Os Chaos de Amoeiro, As Cacheiras, O Monterroso e tantos outros.

Do mesmo xeito debemos ter coidado por respectar e facer respectar os apelidos galegos, tantas veces coincidentes cos topónimos. Utilízalos na súa forma plena, recuperalos de calquera deformación. Mesmo das agresións non intencionadas dun tradutor automático.

E, naturalmente, tamén os nomes. Impedir que nos traduzan pola forza o Carme, Xosé, Xaime, Xulia ou Maruxa.

Pero aínda que isto tamén é *gramática* (a gramática da propia estima) volvamos ás cuestións máis centradas nas formas lingüísticas na análise tradicional. Como, por exemplo, os verbos.

Tempos e tempos

En galego non hai tempos verbais compostos: todos son simples. Conserva niso unha gran fidelidade á lingua da que provén, o latín, en canto que outras linguas románicas crearon tempos compostos. Non son, logo, correctas e soan mal na nosa lingua frases como:

... a festividade ha difuminado os seus límites temporais
...alguén se ha lucrado a conta das vivendas de protección oficial
Habémoslles birlado todo
A chamada había saído do meu móbil
...non ha refutado con probas as informacións da publicación

Cando o galego quere expresar os matices que outras linguas expresan cos tempos compostos, fáino a través doutros mecanismos.

Por exemplo, o titular *Un arquitecto francés di descubrir o enigma das pirámides* pode traducir perfectamente o orixinal *Un arquitecto francés dice haber descubierto el enigma de las pirámides*, pois o lector ou lectora entende perfectamente que *descubrir* se refire a unha acción anterior ao momento a aquel no que arquitecto o di. E igualmente no titular *Un home entrégase e confesa matar a coiteladas á súa muller* enténdese que *matar* refírese a unha acción anterior á de entregarse. Orabén, non é tan claro o caso de *Uns cen nenos poderían ser infectados por sida nun hospital de Australia*. Poderían ser infectados antes ou despois do momento en que se dá a noticia? En español iso queda claro: *podrían haber sido infectados*, é dicir, foi antes. Velaí outro exemplo: *O camioneiro alemán asasino de prostitutas podería matar a un total de 19 mulleres*. A acción de *matar* refírese a un momento posterior ou foi anterior? Tamén

aquí o español é claro: *podría haber matado*; os asasinatos foron antes. En galego, para deixalo claro preferimos acudir a outros mecanismos; por exemplo, precisar o pasado a través doutro tempo verbal *Uns cen nenos puideron ser infectados...* e mais *O camioneiro alemán asasino de prostitutas puido matar...* ou construír a frase doutro xeito *Pode que cen nenos foran infectados.../ Pode que o camioneiro alemán asasino de prostitutas...* ou ben *Cen nenos foron se cadra infectados.../ O camioneiro...matou se cadra...*

A páxina en galego do devandito xornal mostra unha grande inseguridade á hora de traducir as frases orixinais en español con tempos verbais compostos. Se cadra por fuxiren dos tempos compostos e non saberen cal tempo simple podería ser o equivalente nin que perífrase equivalente empregar ocasionalmente, as persoas que introduciron a información inducen ao tradutor automático a erros como:

A explosión da furgoneta provocase efectos devastadores
(*"La explosión de la furgoneta hubiese provocado efectos devastadores"*)

"Se houbese algún salvavidas alguén se tirou"
(*"Si hubiera algún salvavidas alguien se habría tirado"*)

Cuestionan que un polaco supere o coma tras 19 anos
(*"Cuestionan que un polaco haya superado el coma tras 19 años"*)

As traducións correctas serían

A explosión da furgoneta provocaría efectos devastadores
Se houbese algún salvavidas alguén se tiraría
Cuestionan que un polaco superase o coma tras 19 anos

Nalgúns casos, a tradución confunde o pluscuamperfecto (ou antepretérito) de indicativo co pretérito perfecto de subxuntivo . Como en :

O que fose xefe da Casa Real recibiu unha multitudinaria homenaxe en Madrid
(*"El que fuera jefe..... "*)

Roma non lle concedeu a dispensa "ex defecto natalium" que solicitase
(*"retradución" do orixinal galego "Roma non lle concedeu a dispensa...que solicitara"*)

E por veces a confusión procede de tomar unha forma verbal por un substantivo homónimo, de igual forma, como acontece nesta frase que soa tan estraña:

A investigación descarta que un segundo tirador faia participado na matanza

A perda do perfil idiomático

A falta de competencia lingüística, a preguiza mental e a falta de valoración do propio son as causas da escoita dese galego pobre e españolizado. Créase e difúndese un galego moi parecido ao español, do que só varían algunhas letras. Convértese así unha

lingua independente e ben diferenciada nunha caste de dialecto daquel. Non é de estrañar que calquera non galego que chega á nosa terra por primeira vez e escoita ese “galego” diga que o galego é moi “fácil de entender” porque o que se lle ofrece é unha especie de sucedáneo, unhas variacións sobre a base do español.

Ese "galego fácil" -que realmente é un galego desgaleguizado e refeito sobre o español- atopa moitas veces amparo na normativa, que ofrece unha saída "fácil" á ignorancia lingüística e falta de respecto de certas persoas que se negan a facer o esforzo de aprender un galego con perfil propio. Dáselles a xustificación que esperaba a súa preguiza, a súa ignorancia e o seu desprezo. Un simple troco de letra do español e xa temos o galego.

Como exemplo, o caso do españolismo *sesgado*, no sentido figurado (a partir da terminoloxía da Estatística) de 'desviado, distorsionado' traducido por *nesgado*. Independentemente das razóns filolóxicas que puidesen existir para incluír esta palabra nos dicionarios galegos, a súa inclusión nos tradutores automáticos obedece con toda probabilidade a unha actitude de comodidade e de desleixo. E, dado que *sesgado/a* é unha palabra de moda en determinados círculos, asistimos a unha inflación de *nesgados* (enfoque *nesgado*, sentido *nesgado*, datos *nesgados*, debates *nesgados*, opinión *nesgada*, información *nesgada*, interpretacións *nesgadas*, noticias *nesgadas*...) cando poderíamos utilizar sinónimos como *desviado*, *distorsionado*, *desencamiñado*, *parcial*, *interesado*, etc ou dámoslles un sentido figurado a palabras galegas xa existentes como *retorto/retorcido*, *esgueirado*, ou *esguellado* (estas dúas, probablemente da mesma orixe e significado que o *sesgado* orixinal).

Os tradutores automáticos parten do español, co seu marco léxico e gramatical, os seus significados, formas e construcións, e transplántano ao galego. E, aínda que o galego configure a frase doutro xeito, ao final cálcase o español e violéntase o galego. Un exemplo morfosintáctico agora : o *leísmo*.

O *leísmo* (substitución do pronome persoal de obxecto directo *lo, la, los, las*, polo de obxecto indirecto *le, les*) é xa un feito habitual en español e é admitido normativamente: dicir, por exemplo, *Le he visto esta mañana* en lugar de *Lo he visto esta mañana*, igual que cando é obxecto indirecto (*Le he hablado de ti*). Mais en galego a distinción entre obxecto directo e indirecto é nidia : *Vino esta mañán / Faleille de ti*. Se a Voz de Galicia introduce o *lleísmo* en galego, débese a que nos textos orixinais en español utiliza sistematicamente o *leísmo*:

FNM construirá seis barcos de recreo de gran eslora por case cen millóns de euros. O acordo convértelle nun dos cinco grandes construtores mundiais

("FNM construirá seis barcos de recreo de gran eslora por casi cien millones de euros. El acuerdo le convierte en uno de los cinco grandes constructores mundiales")

Outro exemplo máis deste condicionamento do español sobre o galego é o dos verbos que en español se constrúen como reflexivos para recalcar a implicación do suxeito na acción e que en galego non son nunca reflexivos:

Claro que hai regras, e son moi claras, o que pasa é que hai listos que llas saltan

("...lo que pasa es que hay listos que se las saltan")

En galego teríamos que dicir: *o que pasa é que hai listos que as saltan*.

A imposición do molde lingüístico do español supón non só a importación de calcos alleos senón a perda de trazos idiomáticos propios do galego. Vexamos, como exemplo a seguinte frase:

Os mariscadores de Ferrol aprazan as protestas ata o domingo. Esta mañá intentaron intervir no pleno do concello pero o alcalde en funcións, Juan Juncal, non llo permitiu

En galego correcto deberíamos dicir *non llelo permitiu*.

Efectivamente, mentres que na nosa lingua diferenciamos *non llo permitiu* (é dicir *non permitiu iso a el* ou *a ela*) e mais *non llelo permitiu* (é dicir *non permitiu iso a eles* ou *a elas*), en español úsase unha forma só: *no se lo permitió (a el/ella* ou *a ellos/ellas)*.

Eses exemplos abundan.

Para devolverlle á nosa lingua a súa independencia, a autoridade neste eido –é dicir a Academia Galega- debería centrarse nos obxectivos fundacionais enunciados no seu lema *Colligit, expurgat, innovat* ("Recolle, depura, innova"). Recoller todo o noso o noso caudal idiomático, depuralo de elementos alleos incrustados e innovar para dar resposta ás novas situacións da lingua. Naturalmente, non se trata de intentar eliminar toda importación de palabras –e mesmo construcións- chegadas doutros idiomas: todas as linguas importan e exportan palabras e sería ilusorio e empobrecedor intentar suprimir ese mecanismo, mais cómpre distinguir a importación como troco normal e a invasión dunha lingua por outra que mergulla e enterra a invadida. De todos xeitos, este proceso debe preferentemente facerse polo mecanismo de primar as formas autóctonas máis que polo de elaborar un catálogo de prohibicións e “listas negras”.

Galiza precisa tamén contar cun servizo público en liña –como existe noutras linguas, entre elas o español- que aconselle aos medios de comunicación e á Administración, e mesmo aos particulares sobre as palabras e construcións que se deben empregar.

Evitaríanse así usos indebidos de verbos como *peitear*, *expor/exporse*, *consentir*, *barallar* ou *encaixar* en frases como estas:

A Garda Civil peitea as estradas de Zamora en busca do solitario

A UE expón que un independente decida sobre os buques en perigo

Os palangreiros galegos aínda se expoñen se faenar en Marrocos

Neste escenario de perda de competitividade cobra especial relevancia analizar e tomar conciencia da situación daquelas actividades que presentan un saldo positivo co exterior –nas que exportamos máis do que importamos- porque deben ser especialmente consentidas pola nosa política industrial

A investigación baralla a posibilidade de que estivese preparada para portar un próximo alixo

A policía detén a un veciño de Santiago por forzar coches e encaixalos contra un muro

Os verbos devanditos son a tradución dos españois *peinar*, *plantear/plantearse*, *mimar*, *barajar* e *empotrar*, mais nuns casos constitúen calcos semánticos —é dicir importan sentidos que esas palabras non teñen en galego— e noutros traducen sentidos existentes en galego pero que non corresponden ao sentido nesas frases. Na nosa lingua empregariamos nelas os verbos *peneirar*, *propor/estudar*, *agarimar*, *considerar* e *esnafrar/chantar*.

A Garda Civil peneira as estradas...

A UE propón que un independente...

Os palangreiros galegos aínda estudan...

...deberían ser especialmente agarimadas pola nosa política industrial

A investigación considera a hipótese...

...forzar coches e esnafralos contra un muro

Ao tempo, a Academia debería ir adaptando o léxico galego ás necesidades actuais e crear ou canalizar os neoloxismos dentro do noso sistema lingüístico, fornecernos aos usuarios, tras un estudo rigoroso, as formas que debemos empregar. Outramente, os usuarios irán empregando formas que poden ser incorrectas ou dependentes doutro idioma.

Un exemplo: debemos dicir *células nai*? A realidade é que, se non hai unha orientación distinta, o calco do español impónse como xa se teñen imposto tantos outros. A Voz de Galicia informaba: *Científicos británicos crean válvulas cardíacas a partir de células nai*. Agora ben, non existe un termo unánime entre as diferentes linguas: mentres o español fala de *células madre*, o francés fala de *cellules souche* (“cepa”), o inglés de *stem* (“talo”) *cell* e o portugués de *células tronco*. Cal debe ser o termo en galego?

E outro máis: A nosa lingua foi creando nomes para as árbores froiteiras que se foron incorporando progresivamente ao cultivo no noso país; utilizou para iso o mecanismo tradicional de apor o sufixo *eiro/-eira* ao nome da froita e creou —distinguindo por cadanseu nome a froita e a árbore— de *claudia* > *claudieira* e de *pavía* > *pavieira*. Seica non sería, daquela, ben útil distinguirmos entre o froito e a árbore (ou arbusto) diferenciando o *kiwi* do *kiwieiro*, o *aguacate* do *aguacateiro* e o *mirabel* do *mirabeleiro*?

Renovación e renormativización

Todas as linguas vivas, ao longo dos anos, van cambiando, modificándose. Incorporan palabras e expresións novas (que crean, importan ou adaptan doutras linguas), abandonan palabras e expresións que se utilizaban, transforman, crean ou desbotan construcións de frases, cambian pronunciacións e entoacións, etc. Este é un proceso natural de mudanza que se produce de xeito natural e que se nota ben comparando estadios do idioma suficientemente distanciados no tempo. É un proceso de renovación interno, que non obedece a presións exteriores. Outra cousa é a situación das

linguas ameazadas pola *invasión* doutras debido a factores políticos, como ven sendo o caso do galego.

O noso idioma, ao recuperar -hai relativamente pouco- unha capacidade de instituír normas lingüísticas que obrigasen á sociedade, viuse forzado a facer fronte en pouco tempo a un proceso que a outras linguas lles levou séculos. Esta carreira “contra reloxo” conlevou, loxicamente, que no medio dese importantísimo e positivo traballo dos organismos filolóxicos galegos houbera algunhas decisións equivocadas e medidas discutibles e discutidas. Mais todo iso é mínimo en comparación co labor positivo. É témolo que ver como pasos dun proceso. Naturalmente que non se vai estar modificando a normativa cada vinte ou trinta anos -iso ningún idioma o resistiría- pero temos que ser conscientes que todas as linguas van renovando parcialmente a súa normativa. Moitos de nós, de rapaces, aprendemos en español a acentuar os monosílabos (*fué, pié*, etc.) e a escribir o grupo ps- en inicial de palabra (*psicología, psiquiátrico*, etc) e despois vímonos obrigados a *reaprender*: temos que escribir *fue, pie, sicología, siquiatra...* Estamos a poñer o exemplo do español, unha lingua ben normativizada e ben normalizada dende hai séculos, pero igual poderíamos dicir doutras linguas.

Se hai algunha decisión que corrixir de novo, pode facerse sen dramatismo, como se fai nas outras linguas. Poñamos por caso volver a recuperar a grafía de *maravilla*, que se escribe con v en todas as linguas (incluído, naturalmente, o portugués). Ou autorizar o castelanismo *cañón*, que o portugués asumiu desde o século XV.

En todo caso, é importante saber que as autoridades lingüísticas de todos os idiomas poden cometer erros sen que isto supoña un problema. Diremos, como exemplos, que o español *vaho* presenta unha grafía incorrecta pois cambiouse indebidamente o correcto *baho* (en galego é *bafo*), que tamén é incorrecta a grafía de *embestir* (sería *envestir*) e que o orixinalmente correcto sería *estopajo* e non *estropajo* pois procede de *estopa*. Pero esas formas están aí e ninguén pretende restaurar as correctas despois de séculos.

Un procedemento habitual na vida das linguas é permitir optar entre dúas variantes, na espera de que o tempo decante a forma que a sociedade prefere. As normas do galego déixannos un certo número de opcións.

Este procedemento –aínda que non nos decatemos moito del- tamén existe en linguas socialmente cohesionadas e asentadas dende vello. O español ofrece a posibilidade de empregar distintas opcións en moitas palabras: *quizá/quizás, anexo/anejo, destornillar/desatornillar, obscurecer/oscurecer, hierba/yerba, alhelí/alelí, pretencioso/pretensioso, remangar/arremangar, sudamericano/suramericano, kilo/quilo, vermú/vermut, extrovertido/extravertido, paradisíaco/paradisiaco, yazco/yazgo/yago* (do verbo *yacer*) etc. E o francés –lingua moito máis centralizada e “vixiada”- admite a opción entre variantes de substantivos como *la clé* e *la clef* (a chave) e entre formas de verbos tan correntes como *sentarse, poder* ou *pagar* (*je m’assieds/je m’asseois, je peux/je puis, je paie/je paye*)

O principio de opcionalidade é bastante intenso en portugués como en *boda/voda, quisto/cisto, abdomen/abdome, bilis/bile, frente/fronte, tono/ tom, término/ termo*, etc. por veces sinónimos plenos e outras veces utilizados en significacións concretas e diferentes. O portugués, por certo, ten como formas únicas e correctas as de moitas palabras que a actual normativa do galego proscribire (vazío, escova, mimo, veneno, tutor, embrulhar, avelã, desnudar, polen, etc).

Cambio na fachada, no interior desleixo

O empobrecemento do galego, a tendencia a convertelo nun reflexo do español, non é cousa nova. Ven de moi atrás, dende hai séculos, ligado ao proceso de dependencia.

E tamén de vello ven a reacción de defensa e de restauración da nosa lingua. Dende o século XIX foron progresando os estudos científicos na materia (dicionarios, gramáticas, traballos lingüísticos, etc.) e a estruturación dun movemento filolóxico do que foron fitos a creación da Academia Galega e da especialidade universitaria de Filoloxía Galega.

O traballo de varias xeracións de filólogos tivo un efecto moi positivo na depuración de erros, de calcos, de contaminacións e de eivas que a nosa lingua ía incorporando e arrastrando.

Tamén é certo que nalgúns casos persisten tendencias negativas que cumpría eliminar.

Unha delas –introducida seguramente na normativa a través de poderes fácticos, aparentemente ben documentados, que aproveitaron a preocupación xeral ante o desleixo do idioma- consiste en cambiar sistematicamente aspectos secundarios sen preocuparse en absoluto do fundamental. É dicir, cambiar a *aparencia* das palabras e construcións mantendo e incrementando o empobrecemento e a dependencia. Píntase a fachada, mais no interior segue o desleixo. A vella táctica de “que todo mude para que todo se manteña igual”, o que ven significando “que todo empeore

Por exemplo, a través da alteración sistemática do *aspecto* da palabra por medio da mudanza de grafías (e acentos), de sufixos e prefixos, de precipitadas regularizacións das conxugacións, e mesmo de significados.

Poñeremos como exemplo dunha modificación inspirada por eses principios de pseudogaleguización o da palabra *contorna*.

Contorna ten en galego un significado moi preciso. Vexamos como a define o *Gran Dicionario Século XXI da Lingua Galega* (Editorial Galaxia/ Edicións do Cumio): “Conxunto de lugares que rodean a un sitio”. É pois unha significación xeográfica, espacial; poderíamos dar como sinónimos *os arredores*, *o contorno*, *a veciñanza*.

Contorno (que é o masculino: *o contorno/a contorna*) ten ademais outros significados que captaremos a través dalgúns seus sinónimos: *límite*, *perfil*, *perímetro*, *silueta*, *volta*.

O que non significa en absoluto en galego *contorna* (nin *contorno*) é “medio natural”. Nese sentido falaremos de *o ambiente*, *o medio*, ou mesmo *o medio ambiente*, aínda que esta expresión tende a ser abandonada por ser redundante, por repetir innecesariamente dous termos que significan o mesmo. Por iso *contorna* está incorrectamente utilizada neste artigo:

... o padroado das Illas Atlánticas foi avanzando no coidado da contorna, creando a súa primeira depuradora, aplicando un programa rigoroso de prohibición de vertedura de lixos -cada visitante debe levar de volta os seus desperdicios- ou creando o centro de interpretación natural...

Utilizouse aquí *a contorna* para traducir –incorrectamente- o español *el entorno* cando nese contexto tería que ser *o ambiente*, *o medio*.

Sen dúbida, o erro ven inducido por os dicionarios remitiren de *entorno* –forma que non se autoriza- a:1) *contorna*. 2) *ambiente*. E, como sabemos, o tradutor

automático non repara nos significados das palabras, collendo o primeiro equivalente que ten na súa base de datos.

E mais, se cadra, *o entorno*, nos outros significados non referidos ao ambiente, podería non resultar incorrecto: o feito de ser utilizado en portugués, maiormente no Brasil, debería facer reflexionar. Máxime cando a normativa do galego acepta plenamente a locución *en torno a*.

Porque na xeneralidade das linguas románicas occidentais se atopan derivados do latín *törnāre* ('xirar, dar voltas') como os substantivos *contorno*, *entorno* e *retorno* nos que só cambia o prefixo: *con*, *en* e *re*.

Se chegase a aceptarse normativamente *o entorno* no sentido de *o arredor*, nun sentido amplo, non habíamos atopar frases como:

O suceso ocorreu no Algar cando unha persoa da contorna familiar da vítima realizaba unha manobra cun vehículo

Falaríase entón do *entorno familiar da vítima*.

A utilización errada e abusiva de *a contorna* por un pseudogaleguismo fai que tamén tenda a desprazar a *bisbarra* e *comarca*. Todo é agora *a contorna*.

Están analizando se esta contorna escocesa reúne as características para presentar a súa candidatura á UNESCO

Pero o máis sorprendente do tradutor automático da Voz de Galicia é a creación da locución prepositiva *contorna a* para traducir a española *en torno a*, cando a normativa galega admite *en torno a*, como xa sinalamos. Vexamos un exemplo:

Na rede SEN-1500 a mortalidade entre os bebés de menos de 1.000 gramos está no 27%, mentres que na base de datos máis importante a nivel occidental, a Vermont Oxford Network, cífrase contorna ao 20%, polo que España debe facer aínda un esforzo na mellora asistencial

Está claro que en bo galego sería *...cífrase arredor do 20%...*

Preocupémonos de manter a enxebreza do noso idioma no fundamental e non inventemos falsas galeguizaciós.

Palabras iguais mais distintas

Os usuarios preocupados por empregarmos un galego rico e auténtico debemos ter certo coidado cos significados, as formas e as construcións das palabras.

Porque a existencia das mesmas palabras en dúas linguas (coa súa forma propia en cada unha delas, evidentemente) non é suficiente para que as empreguemos mecanicamente como equivalentes nunha tradución.

En primeiro lugar porque os seus significados poden non coincidir sempre, como acontecía nos exemplos vistos de *metro* e de *planta*. Se collemos por exemplo o galego *pobo*, o español *pueblo* e o francés *peuple* veremos que todas tres coinciden no significado de "Conxunto de homes e mulleres dun país unidos por vínculos naturais e sociais" como define o Gran Dicionario Xerais. A frase galega *O pobo galego, o pobo español e o pobo francés son tres pobos de Europa* correspóndese exactamente coa

española *El pueblo gallego, el pueblo español y el pueblo francés son tres pueblos de Europa* ou a francesa *Le peuple galicien, le peuple espagnol et le peuple français sont trois peuples d'Europe*. Mais a frase española *Betanzos es un pueblo gallego* non usaría xa en galego o substantivo *pobo*, que non existe na nosa lingua con ese significado, diríamos: *Betanzos é unha vila galega*. Tampouco en francés se utilizaría *peuple* senón *ville* –como en galego- dicíndose *Betanzos est une ville galicienne*.

Isto demostranos que nalgúns casos, as palabras responden a formas de vida e de organización propias das colectividades que crean as linguas. No caso de *pueblo* e *vila* resulta evidente que ambas palabras responden a dúas formas históricas de poboamento, de distribución xeográfica dos agrupamentos humanos: a poboación concentrada de Castela e a poboación espallada de Galiza. En Galiza a poboación estivo historicamente diseminada por *lugares*, *aldeas* e *vilas* mentres que a poboación de Castela concentrábase en *pueblos*. Pola mesma razón debemos ter tino ao empregarmos a palabra *barrio*, que é unha división dunha cidade, un concepto urbano que non podemos aplicar ao mundo rural. En bo galego non debemos dicir *O barrio de Sabarís* senón *O lugar de Sabarís*.

Ás veces, a palabra española *pueblo* non se refire tanto á dimensión do núcleo habitado (*vila*, *aldea* ou *lugar*) como a calquera núcleo de poboación. Vexamos a seguinte noticia que é tradución da redactada orixinalmente en español:

Galicia ten oficialmente, con 29.949 pobos consolidados, o 49% dos núcleos de poboación de España, seguida de lonxe por Asturias (11%9, Castela e León (10%) e Cataluña (6%)

Neste caso, en galego sería mellor dicir: *Galicia ten, con 29.949 entidades, o 49%...*

Naturalmente, entre os moitos miles de palabras que constitúen o vocabulario dunha lingua, son raros os casos daquelas que responden a particularidades desa colectividade, pero existen. Tamén poden pasar a outra lingua para, sen traducirse ou crear equivalente, denominar o que se denominaba na lingua que a creou; falamos así do *sushi* para denominar un prato da gastronomía xaponesa, dos *espagueti* ou *spaghetti* para denominar un tipo de pasta (e a súa preparación) de orixe italiana ou dunha *baguete* ou *baguette* para denominar un tipo de pan de orixe francesa. De igual xeito a palabra galega *ría* é empregada noutras linguas (alemán, inglés, francés, etc.) como termo técnico da Xeografía para denominar un val de orixe fluvial mergullado polo mar: as nosas rías. Pero unha palabra pode tamén importarse doutra lingua “sen necesidade”, é dicir cando a lingua importadora contaba xa cunha palabra propia: a denominación galega *vieira*, practicamente substituíu á palabra española orixinal, *venera*, como denominación do bivalvo.

As distincións que unha lingua fai entre as palabras non teñen por que ser exclusivas dela e poden non atoparse noutra e si nunha terceira. Dixemos xa que a distinción que o galego fai entre *sono* e *soño* non se atopa en español -que di os dous significados mediante unha única palabra: *sueño*- mais en francés existe a mesma distinción que en galego: *sono* é *sommeil* e *soño* *rêve*.

Lingua e uso

Tampouco o feito de unha palabra estar recollida nos dicionarios dunha lingua co mesmo significado que noutra non significa que teña un uso extenso ou mesmo que se use no momento presente. Pode tratarse dunha palabra de uso moi restrinxido ou utilizada no pasado. Se tratando de traducir a frase española *Es hosco y huraño* dixésemos en galego *É fosco e furaño* estaríamos utilizando dous adxectivos que figuran nos dicionarios mais que na práctica non se usan. A frase soaría en galego moi estraña e forzada, todo o contrario da frase orixinal que pode ser de uso corrente en español. Se quixésemos traducir por unha frase igual de expresiva e de uso corrente en galego poderíamos dicir *É un túzaro e un cocón*.

Às veces, daquela, é máis fiel unha tradución mediante palabras distintas que mediante as mesmas palabras.

Fosco ou *fusco* si que existe en galego, mais fundamentalmente co significado de ‘escuro’. De aí a expresión *Entre lusco e fusco* que denomina o momento en que o día está morrendo, o momento “entre a luz e a escuridade”.

Unha das primeiras revolucións antifeudais de Europa foi galega. Esta primeira Irmandade, encabezada por Roi Xordo, abalou o poder dos feudais en Galiza polo que os seus inimigos, deron en denominala *A Fusquenlla*, é dicir “a escura”, “a de face sombría”. Velaí unha variante expresiva do adxectivo “fosco” que neste caso si é equivalente do español *hosco*.

Tamén os dicionarios galegos acollen actualmente a palabra *maleza* co significado de “Conxunto espeso e enleado de herbas e arbustos en estado salvaxe”(Gran Dicionario Xerais da Lingua). Curiosamente, non recollen o sentido tradicional que si viñeron recollendo dicionarios galegos pasados, o significado de ‘maldade, malicia’ herdeiro do latín *malitia*. Este é o significado que ten en portugués e nas linguas románicas nas que sobrevive, e o que tivo en español antigo ata que, levado pola referencia ás *malas hierbas*, fixo derivar o sentido cara ao da vexetación en estado salvaxe. Pero o galego patrimonial prefire utilizar outra palabra: non di que hai que *cortar a maleza* senón que hai que *rozar as silvas*. Porque, a mais de denominar unha especie de plantas arbustivas da que existen moitísimas variedades, a palabra *silva*, en plural, úsase como equivalente do español *maleza*². Leamos as seguintes frases:

As actuacións para a recuperación da canteira da Laxe iniciáronse hai meses. Os traballos comezaron coa limpeza da zona, na que se acumulaba moito escombros e que estaba invadida pola maleza

Tamén aconsella o Concello que os veciños intensifiquen a limpeza de terreos e solares en estado de abandono, cheos de maleza

A ampliación dos límites do plan permitiría aplicar medidas de eficacia xa demostrada [...] como a protección de zonas de paso ou as rozas de maleza para deixar crecer no seu lugar árbores e matogueiras de froito

En bo galego diríamos *invadida polas silvas, cheos de silvas e rozas de silvas*.

Outras veces, tendo a mesma palabra o mesmo significado e o mesmo uso en galego e en español, a construción non é a mesma nas dúas linguas. Leamos esta noticia:

² Usamos en galego *silvas* referíndonos a todo tipo de vexetación mesta e descontrolada, igual que en español *maleza* inclúe tamén no conxunto especies vexetais que non son *malas hierbas*

China inaugurou a beiras do río Amarelo, no centro do país, unha xigantesca estatua en honra aos emperadores Huangdi e Yandi, que con 103 metros de altura é a segunda máis alta do mundo

Resulta evidente que en galego non se di *a beiras de* senón *á beira de*. Pequenísimo detalle, porque só a preferencia polo singular ou o plural (*a orillas de / á beira de*) distingue neste punto o español do galego, mais tanto como polas grandes distincións as linguas diferéncianse por moreas de pequenas distincións nas súas construcións (*andar con la lengua afuera / andar coa lingua de fóra, puede que si / poida que si, ¿Que dices? / Como dis? etc.*)

E tamén, no uso das palabras, é necesario algunhas veces ter en conta a súa orde na frase. Por exemplo en galego a palabra *mozo* pode ser substantivo (*un mozo simpático/un simpático mozo*) ou adxectivo (*un home mozo*, aquí non podemos dicir *un mozo home* porque o sentido variaría). Por iso nos sorprende a seguinte frase:

Este novo cociñeiro orixinario de Brión regresa agora á súa terra

A frase é a tradución galega da orixinal española (*Este joven cocinero originario de Brión regresa ahora a su tierra*) conservando a mesma orde das palabras cando en galego sería necesario modificala: *Este cociñeiro novo, orixinario de Brión, regresa agora á súa terra*.

O galego tradicional dálle preferencia en certos casos a unha orde de palabras que ven sendo pouco a pouco substituída por unha organización da frase que segue o español. Comparemos.

*Non dixo máis nada / Non dixo nada máis
Ti fai o que che eu digo / Ti fai o que che digo eu
Non me deu libro ningún / Non me deu ningún libro*

Reparemos, de paso, en que o indefinido *algún*, non pode ter en galego o sentido negativo que é posible darlle en español. Non é correcta en galego unha frase como a seguinte:

...non hai rastro algún de puntos de amarre

Non esquezamos, logo, os usos tradicionais das palabras e construcións como en:

*Non se pode facer en cinco minutos: as cousas queren tempo
É ben que leves paraugas, que vai chover
Non tiña nada e púxose rico en poucos anos
Réndelle moito o tempo
Moito lle gusta a praia*

Non é que outro tipo de construcións (*...as cousas precisan/necesitan tempo; É conveniente que...; ...fíxose/volveuse rico...*, etc) sexan incorrectas, pero as primeiras son máis autóctonas.

Locucións idiomáticas

Todas as linguas teñen modismos, locucións idiomáticas e frases feitas que non teñen equivalente noutras. Estas expresións están moito máis presentes do que imaxinamos e constitúen a seiva da lingua

Existen locucións idiomáticas que non poden ser traducidas tal cal a outras linguas pois o significado que teñen na primeira non “pasa” á segunda.

Cómpre estarmos atentos pois ás veces as expresións poden existir nas dúas linguas e as construcións seren algo distintas, como dixemos enriba falando de *á beira/a orillas*. Comparemos *Para quieto!* / *¡Estáte quieto!*, *Que máis ten?* / *¿Qué más dá? Deuse de conta / Se dió cuenta. Que foi?* / *¿Qué pasó?*

En moitos casos a variación na construción é maior: *Non deu chío / No dijo ni pío, Póñaseme fóra!* / *¡Váyase para fuera!*

E mesmo, tendo igual sentido, as frases chegan a diferir totalmente, como en *facer as beiras / tirar los tejos* ou *andar aboiado / estar perdido*.

O que si debemos é ter moito coidado con certas expresións que semellan iguais nas dúas linguas e teñen significados diferentes. *Facerse cargo* e mais *Hacerse cargo* non significan o mesmo. *Faite cargo do asunto, home!* sería en español *¡Entiende el asunto, hombre!* en canto que *¡Me hago cargo yo del asunto!* sería en galego *Encárgome eu do asunto!* *Dá xenio velo* non se pode traducir en español como *Da genio verlo* pois sería *Da gusto verlo*.

Ás veces podemos pensar erradamente que locucións para nós habituais existen tamén na outra lingua. Se traducimos en español *Esta mazán corta os dentes* como *Esta manzana corta los dientes* non se entenderá en absoluto. Habería que dicir *Esta manzana da/produce dentera*.

Non sempre é doado decatarse das diferenzas e dos matices. Non é doado para unha persoa, e para un tradutor automático é practicamente imposible. Dous tradutores automáticos *en liña* consultados (o *OpenTrad apertium* da Universidade de Vigo e o do Instituto Cervantes) traduciron correctamente a expresión galega *andar a fume de carozo* por *andar a toda prisa* e *andar como una bala* respectivamente, mais fallaron estrepitosamente noutras expresións distintas: *É cuspidiño a seu pai*, *Outra vaca no millo!* e *Encheulle o ollo*. A razón é ben simple: *a fume de carozo* é unha combinación a base de dúas palabras (*fume* e *carozo*) das que a segunda ten un uso e significado moi concreto e reducido; a súa combinación é pouco habitual polo que é posible reparar niso e “cargar” o tradutor automático con algunha frase figurada como a que comentamos. En troques, as outras frases están constituídas por palabras tan frecuentes e de significados tan amplos (e en dous dos casos por combinacións de tres significantes) que resulta imposible prever as combinacións delas cun uso figurado.

Por esa mesma razón, un tradutor automático non traducirá ben a expresión galega de uso figurado *é un bo peixe*. Para o tradutor automático será *es un buen pescado* –como se nos atopásemos diante dun posto de peixe no mercado- cando en español, neste uso figurado, teríamos que dicir *es un buen pájaro*.

Daquela, ollo con moitísimas expresións idiomáticas de aparencia pouco complicada. Non traduzamos *Ela fíxoo por ben* como *Ella lo hizo por bien* senón como *Ella lo hizo con buena intención*, nin *Púxose en por el* como *Se puso en por él* senón *Se estableció por libre/independientemente, se independizó*.

E coa mesma, empreguemos as nosas locucións, esa gran riqueza idiomática, sen calcar estruturas lingüísticas alleas.

Un tipo de frases feitas coas que cómpre moito tino son os refráns ou proverbios. Moitas veces coinciden dunhas linguas e culturas a outras pois con frecuencia teñen

unha procedencia común que ven de séculos atrás. En linguas e culturas próximas pasan con frecuencia dunhas a outras, sen que sexa doado ás veces dicir se se tratan de simples calcos, de traducións literais que se importan no momento.

Como traducirmos, por exemplo, o refrán castelán *No hay mal que cien años dure*? Literalmente?

Pero non hai mal que cen anos dure: o tesón e a constancia duns cantos esforzados propiciaron que as cousas comecen a cambiar

Non soa algo forzada a tradución en galego?

É certo que en portugués existen refráns como *Não há mal que cem anos dure nem bem que os ature* e *Não ha mal que sempre dure nem bem que se não acabe*, mais en galego o habitual para o caso é empregar outro distinto: *Nunca choveu que non escampara*, mesmo se o tal refrán pode ser común co castelán.

Ás veces é mellor buscarmos unha frase que, conservando a mesma función, sexa formalmente distinta: *Arrieros somos y en el camino nos encontraremos* dise en español como frase de advertencia a alguén para que se ataña ás consecuencias do que fai. En galego, no mesmo caso, díselo familiarmente *Has vir comer!*, deixando implícita a advertencia (*e daquela xa verás!*)

Naturalmente que a lingua é unha realidade dinámica: créase e renóvase sen cesar incorporando palabras e locucións e arrombando outras, mais a renovación – repetímolo- non pode facerse pola vía da invasión do alleo e a perda da propia identidade. O galego ten recursos tradicionais abondo para usar ante calquera necesidade comunicativa, aínda que non por iso deixe de anovar. Se queremos referirnos a idea de *andar moi a présa* ou *con moita présa* podemos empregar as locucións tradicionais *andar ás carreiras*, *andar a toque de caixa* ou *de bombo*, *andar a todo coso*, *levar coso*, etc. ou as máis recentes *andar a fume de carozo*, *andar a lume de biqueira*, *andar furado*, etc. sen necesidade de acudirnos a *a toda pastilla* e similares. Tampouco é necesario o recente españolismo *a día de hoxe*, tan de moda en medios informativos e persoas que deberían coidar o seu galego ("*As presas correspondentes á zona Norte-1[...] están a día de hoxe ao 87,1% da súa capacidade*", por exemplo), cando temos *arestora*, *nestora*, *hoxe en día*, *no día de hoxe*, *hoxe por hoxe*, *neste momento*, *ata o de agora*, *ata o momento*, *deica aquí*, *deica hoxe*, e tantas expresións que poden servir perfectamente. E igual se podería dicir de certo argot político adubado con *facer os deberes*, *iso vai a misa*, *o chocolate do loro* e outras locucións que teñen a súa orixe na máis rancia "clase política" madrileña.

De todos os xeitos, a pasmonería non ten fronteiras e o español tampouco se libra dos seus efectos: por que nesa lingua algúns utilizan agora o galicismo *trufar*, a todas luces innecesario e pedantesco? O peor do caso é que nolo importan tamén nese galego calcado:

Os dous automóviles atopados onte [...] estaban trufados de cravos, bombonas de gas e recipientes cheos de gasolina

Por que non dicir *estaban inzados/ateigados/acugulados*, etc.?

É lexítimo e san crear novos recursos expresivos. Trátase dunha necesidade dos novos tempos e das novas xeracións; a renovación é unha necesidade das linguas contra o anquilosamento e constitúe así unha garantía de supervivencia para elas. Mais a

creación, o anovamento, ten que vir de dentro delas e non a poder de calcos de linguas alleas. Iso non é renovación, é asolagamento.

A expresividade: os sufixos

Todas as linguas contan –entre outros recursos expresivos- con sufixos para marcaren matices no significado e sentimentos da persoa que fala, e o galego é unha lingua particularmente rica neste eido. Por exemplo, sufixos diminutivos en –iño/a, -elo/a, –echo/a (*cabaliño, manciña, portelo, codela, pequecho, rabecha*), aumentativos en –ón/-ona ou en –án/-ana (*arañón, navallona*), caracterizadores e pexorativos en –án/-ana, –ón/-ona, -eiro/eira, etc.

O sufixo –án/-ana caracteriza negativamente con certo valor aumentativo (*trolán, loubana*, etc) igual que o sufixo –ón/-ona (*pasmón, berrona*). Tamén pode ter sentido negativo o sufixo –eiro/-eira (*trangalleiro, preguiceira*). Moitas veces alternan os sufixos (*mentirán/mentireiro, rincheiro/rinchón, trampulleiro/trampón*) e podemos atopar unha mesma palabra cos tres sufixos (*pedichán/pedichón/pedicheiro, troulán/troulón/trouleiro*).

Estes e mais unha chea doutros sufixos (-ocho/-ocha, -ento/-enta, -udo/-udo/-uda, -olo/ola, -iscar, -ichar, -ecer, etc. permiten introducir numerosos matices en substantivos, adxectivos e verbos. Comparemos:

Estás moi serio / Estás moi seriocho
Vina algo triste / Vina algo tristeira
Tiña cara morriñosa / Tiña cara morriñenta
Viña cantando / Viña cantarolando
Chovía / Choviscaba
Botaches barriga / Botaches barrigola
Había un bicho/ Había un bichoco
Choraba / Choromicaba

É difícil que un tradutor automático poida ter en conta os sufixos e os matices que eles expresan. En primeiro lugar porque os sufixos raramente son os mesmos nas dúas linguas. Así, en canto que en español podería dicirse dunha mazán *Es muy harinosa* nós diríamos en galego *é moi fariñenta* e mentres que dunha persoa se diría en español *Es algo dentona*, en galego diríamos *É algo dentuda*. En segundo lugar, a dificultade reside en que ás veces a expresividade non se manifesta na lingua de orixe a través de sufixos.

Co que levamos dito dos sufixos entenderemos ben o erro deste titular:

A policía investiga a procedencia dun burricán aparecido en Santiago

En galego non é o mesmo un *burro* que un *burricán*. Mentres *burro* é o substantivo que designa ao animal (*Viña montado nun burro*) e *tamén* adxectivo con sentido figurado (*Non sexas burro, fai o que che din*), *burricán* (tamén sustantivo e adxectivo) úsase só no sentido figurado (*Non sexas burricán, fai o que che din*).

Esta palabra para tratar de *burro* ou de *borrico/burrico* a alguén ten outras variantes tamén moi espalladas: *burrán* e *burranzán*. Todas elas seguen as caracterizacións negativas que vimos enriba co sufixo –án (*langrán, bandullán, paspán*).

Pero en español so existe *burro* para as dúas acepcións e é preciso entender a cal delas se refería a frase orixinal. Non era difícil imaxinalo, mesmo sen ler a información

en español, que levaba o título *La policía investiga la procedencia de un burro aparecido en Santiago*.

Por certo que non debemos pensar que *borrico/burrico* sexa en galego un españolismo. É palabra común ao galego-portugués e ao español e existe tamén noutras linguas románicas. E non se trata dun derivado de *burro*: é un derivado do latín, e *burrico/borrico* apareceu antes que *burro*.

O galego, como todas as linguas vivas, é unha lingua que se renova, que crea palabras e expresións. Como xa dixemos enriba, *ir* ou *andar furado* é unha expresión recente para significar a toda velocidade (*ir/andar a fume de carozo*), equivalente ao español *ir/andar mangado*. Non a vemos rexistrada aínda en ningún dicionario, mais tamén é certo que outras palabras e expresións de uso antigo non aparecen tampouco rexistradas. Os que "toda a vida" utilizamos a palabra *estafón/estafona* (repárese no expresivo sufixo caracterizador como en *berrón, roñón* ou *aforrón*) sorprendémonos de non atopala tampouco. E non pode confundirse con *estafador/estafadora*, que se aplica a quen exerce habitualmente a actividade da estafa mentres que *o estafón/a estafona* comete unha gran estafa (aínda que sexa repetidamente). Pequeno matiz.

É curioso que palabras que son habituais non estean rexistradas nos dicionarios. Por exemplo, non atopamos o adxectivo *perralleiro/perralleira*, aínda que si palabras da mesma familia como *perralla* e *perrallada*.

Ao tempo que prestamos atención á mellora do noso galego, podemos tamén recoller expresións e palabras non rexistradas, non catalogadas. Contribuiremos, dun e mais doutro xeito á transmisión deste rico tesouro idiomático que recibimos en herdanza.

Conclusión: Traducir correctamente e traducir ben

Cada lingua ten unha serie de características propias que non se atopan noutras e que a persoa que traduce debe ter presentes para valorar o seu emprego.

Por exemplo, o galego conta, ao carón do infinitivo non conxugado, cun infinitivo persoal ou infinitivo conxugado para especificar o suxeito realizador da acción (*Ao chegaren, chamáronme*) que non teñen nin o español nin outras linguas. Non especificar nesta lingua o suxeito (*Al llegar, me llamaron*) pode dar como resultado unha frase ambigua: *Al llegar quien? Al llegar yo? Al llegar ellos/ellas? Al llegar tú? Vosotros?*, etc. A frase galega, ao conxugar o infinitivo, resulta inequívoca (*Ao chegares, ao chegardes, ao chegarmos, ao chegaren*) e só no caso da primeira e terceira persoa do singular podería ser necesario especificar o suxeito (*Ao chegar eu, ao chegar el/ela*), mentres que en español, ao non se conxugar, resulta imprescindible aclaralo sempre (*Al llegar yo, al llegar tu, al llegar el/ella, al llegar nosotros/nosotras, al llegar vosotros/vosotras, al llegar ellos/ellas*) a non ser que o contexto fose tan claro que resultase innecesario. De non acudirnos á especificación do suxeito mediante o pronome persoal, outro pronome ou un substantivo, deberíamos acudir a outro tipo de construción (por exemplo, *Cuando llegué, me llamaron*).

Se traducimos do galego para o español, un infinitivo conxugado non lle pasa desapercibido á persoa que traduce e ha tratar de que a construción equivalente teña en conta a orixinal. Pola contra, nunha tradución do español para o galego, un infinitivo do español (non conxugado) pode precisar conxugarse en galego.

Outro punto ben coñecido é o chamado *dativo ético*, de *interese* ou de *solidariedade* (*Estache rica, a sopa. Élle un pouco raro*). Neste caso a equivalencia noutra lingua debe expresarse a través de procedementos gramaticais ou semánticos diferentes. Mais que *Te está rica la sopa* ou *Le es un poco raro*, construcións do

castelán de Galiza, habería que pensar en español en frases do tipo *La sopa está muy rica/ Que rica está la sopa!* e mais *Creo que es un poco raro/ Le digo que es un poco raro*.

Finalmente, lembremos de novo a rica sufixación expresiva do galego coa que introducimos matices e sentimentos positivos ou negativos en adxectivos e substantivos (*Estás cansadocha, É unha cousa vergoñenta, Xa ten fillos grandeiros, Vaite para a camola*). Teñamos, a maiores, en conta que pode producirse unha acumulación de sufixos (*Estás cansadochiña*) que engade complexidade. Cómpre conservar nunha tradución eses matices expresivos a través dos mecanismos propios da lingua á que se traduce.

Ningún destes trazos, que puxemos como exemplos, adoitan verse reflectidos no resultado da tradución automática. E é mágoa.

Porque para acadar unha boa tradución é preciso non só decatarse das características da lingua da que se traduce senón tamén das características da lingua á que se traduce. E, naturalmente, se esta dificultade pode ser resolta sen problema cando o tradutor é unha persoa -pois ela busca na outra lingua procedementos equivalentes aínda que sexan distintos- cando quen traduce é unha ferramenta informática, unha máquina, (tradutor automático) todas estas características da lingua orixinal escápanlle. Porque o tradutor automático só traduce palabras unha tras outra (ou como moito expresións e pequenos grupos) e non sabe recoñecer matices nin procedementos alternativos que non estean previamente introducidos no programa. Só realiza un número forzosamente limitado de ordes se o comparamos co incalculable número de posibilidades e de combinacións que ten unha persoa para expresarse na súa lingua. E el non pode moverse fóra dos límites preestablecidos. Un tradutor automático nunca nos vai fornecer unha frase tan galega como *Es ben parvo* porque parte do español e nesa lingua non vai aparecer *Eres bien tonto*, que non se di. Poderá aparecer a mesma idea expresada a través doutras construcións como *Que tonto eres! / Eres tontísimo* ou *Eres muy tonto* (que o tradutor automático poderá traducir por *Que parvo es! / Es parvísimo* ou *Es moi parvo*) Por esa razón, nos textos en galego traducidos dende o español por un corrector automático non atopamos o infinitivo conxugado, nin o dativo de solidariedade, nin os sufixos expresivos, nin tantos outros trazos definitivos do galego en comparanza co español. O galego así traducido é, de primeiras, sempre moito menos rico e auténtico que o que pode facer unha persoa. Sempre vai estar moi influído pola lingua que marca a pauta, a lingua que fornece o texto orixinal. Se un utiliza un tradutor automático a partir do español sempre sairá un galego máis ou menos calcado desa lingua. A menos que unha persoa capacitada se encargue de reler e corrixir os textos facendo o que a máquina non é quen facer. Non só facer que un texto sexa *correcto* desde o punto de vista da construción e dos significados senón que, a maiores, sexa un texto que utilice os mecanismos lingüísticos propios, a riqueza, a variedade e a expresividade que caracterizan a ese idioma, no noso caso o galego.

II COMO ERRA O TRADUTOR AUTOMÁTICO

A) Erros (case)inevitables

O tradutor automático busca a palabra do texto orixinal en español na súa base de datos e escribe o equivalente galego que figura alí. A palabra pode ser correcta ou incorrecta, pero non hai problema ningún cando é a única que figura. Palabra por palabra –ou por grupos se estes figuran na base- pon en ringleira os equivalentes que lle introduciron os programadores. O problema aparece cando hai en español dúas palabras iguais que significan cousas distintas (por exemplo *suelo do verbo soler* e *suelo* ‘superficie sobre a que se anda’) ou unha mesma palabra con varios significados (por exemplo *planta*: 1) ‘parte del pie sobre la que se apoya al andar’ 2) ‘ser vegetal’ 3) ‘nivel, piso de un edificio’). O tradutor automático colle o primeiro que atopa, pois non pode pensar se o que escribe é correcto ou se ten sentido. Nese caso o tradutor automático non é capaz de saber cal das posibilidades debe utilizar e, ao se cruzaren as palabras, pode escoller en galego un equivalente incorrecto ou mesmo facer un auténtico despropósito. Este tipo de erros son, en maior ou menor medida, inevitables, son propios de calquera tradutor automático; precisárase que unha persoa especializada revisase os textos para corrixilos antes da súa exposición pública.

Poñeremos algúns exemplos destes erros:

1) *Os decanos das facultades españolas de Medicamento reclaman que, a partir do curso 2010-2011, os seis anos que dura a súa titulación sexan equivalentes ao título de máster e permitan o acceso directo ao doutoramento*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba o substantivo *medicina* (‘ciencia y práctica que tiene como objeto la prevención y curación de las enfermedades’). O tradutor confúndeo con *medicina*² ‘substancia empleada para curar enfermedades’) polo que emprega indebidamente en galego *medicamento*. Cómpre dicir que en galego, como en portugués e outras linguas románicas tamén existe *medicina*², palabra sinónima de *medicamento*, pero aquí está claro que se fala das facultades de Medicina.

2) *Caride reclama unha maior intervención das familias para que os seus maiores aumenten a súa seguridade cando salguen á estrada*

Explicación: A noticia orixinal, en español, emprega a frase *cuando salen a la carretera...*, na que *salen* é a 3ª persoa de plural do presente de indicativo do verbo *salir* ‘ir para...’ Ao tradutor crúzasele esta palabra con *salen*² (3ª persoa de plural do presente de subxuntivo do verbo *salar* ‘echar sal’) e por iso traduce en galego *salguen*

3) *Hai xente que opina que o mellor das navallas e polas no ferro, abrilas e botarlles sae*

Explicación: Este é o caso contrario ao da frase anterior; aquí o tradutor toma o substantivo *sal* da frase orixinal (...y echarles sal) por *sal*² (o imperativo do verbo *salir*). De aí que en galego apareza *sae* (verbo *saír*) en vez de *sal* (o substantivo) que sería o correcto.

4) *Ao prestar declaración, o home recoñeceu os feitos e foi remitido o ateigado ao xulgado de Mondoñedo*

Explicación: O texto orixinal, en español, di *...y fue remitido el atestado al juzgado...* Emprega, logo, o substantivo *atestado* (‘diligencias previas a un posible expediente administrativo o judicial’) e non *atestado*² que é o participio do verbo *atestar* ‘abarrotar’ (en galego *ateigar*). O tradutor automático toma o primeiro polo segundo ocasionando unha frase ben estraña en galego.

5) *A raíña Isabel II de Inglaterra asiches ao Derby de Kentucky*

Explicación: O titular orixinal, en español, é *La reina Isabel II de Inglaterra asiste al...* O tradutor automático atopa a palabra *asiste* -que é a terceira persoa de singular do presente de indicativo do verbo *asistir*, el *asiste-* e interprétao como a segunda persoa de singular do pretérito perfecto (ou pasado simple) de *asir*, tú *asiste*. Non importa que a frase careza de sentido, pois iso escápalle ao tradutor automático. Naturalmente, en galego o titular sería tamén *A raíña Isabel II de Inglaterra asiste...*

6) *A colección Ipanema ofrece xa que logo sandalias cun toque étnico sofisticado e con compromiso social. Con adoites decoradas cun acabado similar ás pinturas tribais, todos os modelos deixan os dedos ao aire*

Explicación: A noticia orixinal, en español, emprega a frase *Con suelas decoradas...*, na que *suelas* é o plural do substantivo *suela* ‘parte del calzado que toca el suelo’. O tradutor confunde esa palabra con outro *suelas* (do verbo *soler* ‘tener la costumbre de...’) e por iso traduce ao galego *adoites*, do verbo *adoitar*

B) ...e moitos erros evitables

Algunhas das traducións que fai esta ferramenta informática revelan que lle foi introducida unha información errónea. Se a información introducida fose correcta, o erro non se produciría porque aquí non se trata do cruce entre dúas palabras coa mesma forma e distinto significado, é dicir homónimas. Neste caso non se trata de cal das palabras reais escoller (ou de por cal dos significados diferentes optar) pois a a palabra coa que o tradutor automático confunde non existe en español ou en galego. Naturalmente, non se trata dunha invención do tradutor automático senón dun dato erróneo introducido polos programadores. Estes erros poden ser corrixidos doadamente revisando a información introducida.

Daremos algúns exemplos:

1.-Erros de español introducidos na base de datos do tradutor

a) *...o que obrigará a unha modificación da achaiadura urbana de Carballada de Avia*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba o substantivo *planeamiento*¹ (‘conjunto de acciones y normas que constituyen un plan de urbanismo’). O tradutor debeu ser “cargado” tamén coa palabra *planeamiento*² co significado de ‘acción de aplanar o explanar’ –e de aí a confusión e o emprego do galego *achaiadura*-pero aquela palabra non existe en español, que utiliza *aplanamiento* ou *explanación*. Polo tanto, en galego o equivalente de *planeamiento* é *planeamento*. *Achaiadura* é unha cousa ben diferente, pois é o equivalente de *explanación*, *aplanamiento*.

b) *As chamus abordan Galicia*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba o verbo *asolar*. Por un motivo que descoñecemos o tradutor identifica esa palabra con outro *asolar* -inexistente en español- que en galego é sinónimo de *abordelar* 'realizar determinada operación de reforzo no carro de bois', operación que tamén se denomina na nosa lingua *solear* (ver Gran Diccionario Xerais da Lingua). O que acontece é que, como dicimos, en español non existe ese *asolar*² (que sería tamén *solear*). De aí que na tradución resulte un texto ben grotesco en galego.

c) *Vilán acolle os catro últimos arádevos de España*

Explicación: A noticia, no orixinal español, dicía : “*Vilán acoge los cuatro últimos araos de España*”. O tradutor interpreta o substantivo *arao*, nome de certa ave en español e máis en galego, como unha forma do verbo *ararse* que nin en español nin en galego existe: só existe *arar* que nunca é reflexivo. Isto revela que os “pais” do tradutor introduciron nel unha información incorrecta

2.-Erros de galego introducidos na base de datos do ordenador

a) *A orixe dos devanditos populares*

Explicación: O texto orixinal, en español, fala do substantivo *dicho* 'locución, expresión, frase hecha'. O tradutor atopa outra palabra *dicho*² (participio do verbo *dicir*, que aquí ten o significado de 'mencionado') e emprégaa en vez da primeira. Pero en galego *devandito* é unicamente un adxectivo co significado de 'que foi mencionado anteriormente'. A tradución correcta en galego sería *A orixe dos ditos populares*.

b) “*Temos onde elixir e hai bo rolo*”, *di o xurado de “Son de estrelas”*

Explicación: O orixinal da *web en castellano* estaba en galego , e alí a frase era *e hai bo rolo*. A expresión é un castrapo que quere calcar o español *hay buen rolo* e en galego non existe; teríamos que dicir outra frase de igual significado como *hai sintonía, entendémonos ben, levámonos ben, facemos boa masa*, etc. O que non se pode facer é traducir por *hai bo rolo*, pois resulta totalmente incomprendible.

c) *A curmá por cota varía ata 12 pesetas o prezo do leite*

Explicación: O titular orixinal, en español, era *La prima por cota...* O tradutor sofre o cruce de dúas palabras iguais: *prima*¹ 'incentivo, recompensa, premio' e mais *prima*² 'hija del tío o de la tía de una persona'. En galego, a primeira palabra corresponde a *prima* en tanto que para a segunda podemos escoller entre *prima* e *curmá*. É dicir, a palabra *curmá* co significado de 'recompensa, incentivo, premio' non existe en galego. Debemos, daquela, utilizar no titular a palabra *prima* e non *curmá*³.

³ Efectivamente, *prima* 'curmá, filla dun tío ou dunha tía' e mais *prima* 'recompensa' teñen significado e procedencia distintos. En tanto que a primeira palabra procede do latín *prima* 'primeira' (*consobrina prima* 'curmá primeira'), a segunda procede do inglés (a palabra latina *præmium* 'premio' pronunciada á maneira inglesa), lingua da que pasou ao francés e deste a outras linguas románicas.

AUTOTEST

Localice nos seguintes parágrafos o erro de significado e explique como se produciu:

1.- *Para reforzar a súa tese mostra o interior, practicamente amoblado, os armarios ocupados, a despensa con comida e ata insignia orgulloso o seu pequeno xardín, perfectamente mantido*

2.- *O golfiño de Yeltsin promete educación e sanidade gratis, e anular o servizo militar*

3.- *Salchichas alemás con sabor a kiwi ou aloe beira*

(Solución páxina 51)

ABRAIANTE!

As palabras voan tranquilamente, cada unha pola súa órbita, a través do espazo do tradutor automático. Pero en ocasións, unha palabra desencarréirase e inicia un perigoso percorrido que a pode levar a bater coa súa semellante. E o impacto producido por ese encontro é abraiante: a luz que desprende céganos, a calor abáfanos, o estoupido parálizanos. Non sabemos que dicir, que pensar nin que facer: quedamos entalados, sen capacidade de reacción: non nos explicamos o que aconteceu.

E mais os científicos fornecen case sempre explicacións doadas deses fenómenos.

Como esta:

O titular orixinal, en español, do xornal era: *La sonda “Smart 1” impactará mañana en la Luna*. O tradutor automático, que non sabe de Astronomía nin Astroloxía nin de metáforas nin de cultura popular, foi programado con algunha información que parte da equivalencia da expresión *estar en la luna*= *estar nos biosbardos*, polo que resolve a tradución tal como lle aprenderon e non distingue se se está a falar do satélite da Terra no sentido propio ou no figurado.

Non é frecuente podermos observar no ceo lingüístico fenómenos tan espectaculares. Pero prodúcense de cando en cando e a súa impresión permanece en nós e contámola como espectadores privilexiados a aquelas persoas que non tiveron a sorte de podelos contemplar.

Velaí, logo, outro:

Un irlandés gañou o campionato mundial de abrir recoiro fronte a competidores de 17 países

Teño que confesar a miña absoluta incapacidade para me explicar o misterioso campionato. Acudín, daquela, á *web en castellano* (que é a lingua orixinal da noticia) para poder comezar a entender algo. A frase orixinal era *Un irlandés ganó el campeonato mundial de abrir ostras frente a competidores de 17 países*. E a luz comezou a lumbrigar no medio da escuridade. Como é que o tradutor lles chamaba *recoiro* ás ostras? Recoiro! Pois claro! Ostras! E parecía tan difícil! Cousa de estar ao día dunhas simples exclamacións!

En fin, que como queremos que os nosos lectores e lectoras sexan campións nisto de explicar o aparentemente inexplicable, imos dar outro caso máis de noticia desconcertante:

En nove anos, o número de mariscadoras do montón reduciuse en 3.500

“Home, pois claro, igual que hai xente *do montón*, correntiña, que non destaca por nada, e xente *que non é do montón*, que é excepcional, fóra do común, ten que haber mariscadoras *do montón* e mais das outras.” –dixenme eu nun primeiro momento.

Con todo, a noticia dábase voltas na cabeza e, ao correr pola súa órbita, o certo é que aquilo de *mariscadoras do montón* zoaba un pouco de mais, renxía, como se o

aparello estivese mal engraxado e ameazase con saírse dela. Ao final, debeuse desorbitar e bater contra outro asteroide palabreiro porque a luz se fixo. E entendín o choio.

As *mariscadoras do montón* serían en realidade *mariscadoras de a pé*. Seguramente todo partía da expresión española *de a pié* para denominar ás persoas do común, orixinalmente opostas ás persoas *de a caballo*, os *caballeros*. E xa que os *de a pé*, do común, son tamén denominados *do montón*, de aí procedería o erro do tradutor automático.

Fun de contadiño á paxina web *en castellano* e comprobei que o texto orixinal falaba, efectivamente, de *mariscadoras de a pie*, esas valentes e sufridas mulleres que non son do montón senón que libran unha heroica e dura batalla no de por si xa nada doado mundo do traballo.

As palabras e as expresións poden ter nas linguas un sentido literal, un sentido propio, ou adquiriren un sentido figurado.

Resulta evidente que a frase en español que fala da sonda que *aterrizará en la Luna* se refire ao planeta: a palabra ten o seu sentido propio e literal, non o figurado de cando se di de alguén que *está en la luna* cando está tan absorto como se estivese fóra deste mundo, noutro planeta. Igualmente está claro que cando se fala do *campeonato mundial de abrir ostras* estase facendo referencia ao bivalvo; é dicir, a palabra *ostra* está empregada en sentido literal, non no sentido figurado, como exclamación que se utiliza como eufemismo, é dicir para substituír outra palabra que “non se debe dicir”. E tamén *de a pie* ten na frase reproducida o sentido literal: son as mariscadoras que están a pe, non extraen o marisco dende unha barca.

Pero un tradutor automático non é capaz de distinguir entre sentido propio e sentido figurado nunha frase, iso faino unicamente unha persoa. O tradutor só nos fornece o equivalente co que foi cargado, a información que lle meteron. E, polo que se ve, no caso do tradutor empregado pola Voz de Galicia, fóronlle introducidas especificamente as equivalencias *estar en la Luna=estar nos biosbardos*, *ostras=recoiro* e *de a pie=do montón*, equivalencias que el –obedientemente- aplica sempre.

O resultado son esas frases choqueiras e indescifrables.

Claro que, en ocasións, as frases non son choqueiras nin indescifrables mais a distancia entre o orixinal e a tradución é total.

Así, un titular que dá conta do proxecto dun novo filme sobre a figura de Robin Hood anuncia:

De gladiador a Robin Hood. Russell Crowe será o popular porteiro nunha película de Ridley Scott

Algo parece que non cadra no sentido. Imos logo, ao orixinal en español:

De gladiador a Robin Hood. Russell Crowe será el popular arquero en una película de Ridley Scott.

Efectivamente: Robin Hood era *arqueiro*, non *porteiro*.

Confeso a miña total incapacidade en dar explicado semellante metamorfose no tradutor automático.

AUTOTEST

Reconstrúa as frases correctas e explique a “confusión” do tradutor automático no seguinte titular:

- 1) *Irán bota a fartar aos afgáns*
- 2) *Unha produtora británica busca acodes desfiguradas afectadas por problemas de autoestima para participar nun programa*

(Solución na páxina 51)

O arcebispo de Selecta chama á desobediencia civil contra o Goberno

NOMES

- Como? Que non sabe onde é Selecta? Se é unha provincia española! Mal andamos en Xeografía! A ver se estoutro titular axuda un pouquiño:

Os arrestos practicáronse nas provincias de Álava, Almería, Barcelona, Cádiz, Cantabria, Selecta, Madrid, Navarra e Valladolid

-Pois non, non houbo sorte, a enumeración era por orde alfabética e non por comunidades autónomas. Vai ser mellor ler o orixinal en español:

Los arrestos se han practicado en las provincias de Álava, Almería, Barcelona, Cádiz, Cantabria, Granada, Madrid, Málaga, Navarra y Valladolid.

- Ah, daquela era Granada. E logo? Seica se chama Selecta en galego?

- Pois non, o que pasa é que o tradutor automático ten introducida unha información moi pavera que provocou o disparate: partindo do sentido figurado da expresión española *lo más granado*, co significado de *lo más selecto*, fixo a equivalencia *granada=selecta* cando a provincia se chama igual: Granada.

E agora, unha pregunta de xeografía autonómica de España: saben os lectores e lectoras onde está a comunidade chamada *Tiroteares*? Movan as neuronas, atopen e expliquen!

A Cámara alta deu luz verde, sen ningún cambio, aos catro estatutos de autonomía que lle remitiu o Congreso (valenciano, catalán, andaluz e tirotear)

É curiosa a preocupación “galeguizadora” dos pais do tradutor automático (pois el non ten a culpa) que rebautiza Barajas (o aeroporto) como Barallas, Jaén como Xaén e La Rioja como A Rioxa, por exemplo. Segundo iso, ao concello de Baralla, que está a rentes de Lugo, chamaríanlle en español Baraja. Algúns, dende logo, moito barallan!

O caso é que con relativa frecuencia aparecen na web en galego da Voz de Galicia nomes estraños en noticias e titulares.

Peixes Barba deixa o cargo sen cumprir os seus obxectivos de axuda ás vítimas

Cabaleiro Bonald, Premio Nacional de Poesía

Contrasta con esta “galeguización” de nomes españois a despreocupación ante nomes galegos. O persoeiro galeguista, alcalde de Santiago e vítima do fascismo, Anxel Casal, é chamado Angel Casal, o artesán e gaiteiro Xabier Blanco ve mudado o seu nome en Javier e non se galeguiza o da pintora galega Maruxa Mallo. E mesmo algún día aparece o topónimo *Carballino*. Mais, curiosamente, a conselleira de Sanidade, María José Rubio, vese sistematicamente chamada María José Louro, o que –a maiores- non deixa de ser proba de ignorancia dado que o adxectivo *rubio* que dá orixe

ao seu apelido é plenamente galego. Tan galego é que unha raza autóctona de gando vacún é a raza *rubia* galega. Por iso resulta curioso que a Voz de Galicia, baixo o titular *A vaca frisoa Lulú e o touro louro Gracioso reinan na Semana Verde* afirme:

Nese reino animal destacan o gando frisón leiteiro e o louro cárnico.

Pero a grotesca “galeguización” non ten fronteiras. Se hai que “galeguizar” “galeguízanse” nomes propios ingleses, árabes ou do país e de calquera lingua. Temos así a Sexan Connery, Lady Dei, Ao Gore, Ou. J. Simpson, Nuri ao Maliki, Abdul Aziz ao Hakim, Leonardo Dei Caprio, e outros máis.

O tradutor ten no seu haber moitos máis méritos que a creación da cidade, a provincia e a arquidiocese de *Selecta*. Saberá o lector ou lectora dicir onde se atopa *Tezas*?

A ver se nos axuda a noticia:

Executado en Tezas cunha inxección letal o asasino dun matrimonio

As mentes rápidas adiviñarían que se trata do estado norteamericano de Texas (na noticia en español denominado Tejas) aínda que será máis difícil dar co proceso que levou de *Tejas* a *Tezas*. Pois ben, trátase de que o tradutor atopou na súa información a palabra española *tejas* (subxuntivo do verbo *tejer*) e traduciuna pola súa forma equivalente en galego, a correspondente do verbo *tecer*.

E saben vostedes onde se atopa *ándelos*? Pois váiano aprendendo:

...mentres en Mesoamérica pintáronse as grandes matanzas colectivas de Cholula e o Templo Mayor, en ándelos as recreacións centráronse na execución do inca, a figura individual de Atahualpa e despois de Túpac Amaru

É o que ata agora lles chamabamos os Andes

Unha forma curiosa é a do nome do rei de Marrocos na versión en galego do xornal. E cal pode ser? Pois Mohammed VIN.

Os lectores e lectoras agudos non precisarán, de certo, esta explicación. O monarca é Mohammed sexto, que escrito en números romanos (que é como se adoita escribir estes nomes) é Mohammed VI. O tradutor automático sofre un cruce e na noticia orixinal, en español, identifica ese VI como a do pretérito perfecto simple do verbo *ver*. E de aí o de VIN. E este VIN non se limita aos nomes de monarca pois tamén atopamos nesa web en galego o “século VIN” .

As construcións eran herdeiras, segundo algunhas hipóteses, da primeira fundación monacal do século VIN de san Martín Dumiense

Permítaseme, por asociación, unha pequeniña viravolta para aproveitar e falar de Bin Laden, como aparece en xeral escrito nos medios de comunicación. A forma Osama Bin Laden é unha deturpación ianqui. O correcto en árabe culto é Usama Ibn Ladin xa que Ibn –como é sabido- significa *fillo de*. Usama o fillo de Ladin. Tamén a denominación *Osama Ben Laden* sería correcta nunha linguaxe máis coloquial

Volvendo ao noso asunto, diremos que se cadra a contribución máis espectacular do tradutor automático da Voz de Galicia á cultura galega (ata o día de hoxe) é o descubrimento dun gran escritor galego descoñecido ata o momento no que o xornal o fixo público. Trátase de Fachendosos Enríquez.

Efectivamente, unha enquisa do xornal entre os seus lectores e lectoras sobra as cancións galegas que prefiren leva este titular:

Os deportistas prefiren os temas con letras de escritores clásicos. Rosalía de Castro, Castelao e Fachendosos Enríquez son as referencias máis votadas

De novo outro día o xornal volve referirse a este autor (e seguirá a facelo noutras ocasións) facéndose eco do falecemento do músico Prudencio Romo, membro dos Tamara:

Prudencio batalló⁴ xunto aos Tamara para que poemas de autores como Fachendosos Enríquez (Ou vello e ou sapo), Francisco Añón (A Galicia), ou Rosalía de Castro (Adeus ríos, adeus fontes) acabasen impresos en vinilo baixo o manto das melodías que xeralmente saían da mente de Romo, na súa calidade de compositor principal dos Tamara

E rematamos cunha noticia que pode servir de advertencia para moitos lectores e lectoras:

Corrédevos non deixa cartas en portais mal iluminados

AUTOTEST

- 1) Recompoña o nome correcto dos seguintes lugares:
a) *Háxaa* ; b) *Parides*
- 2) Recompoña o apelido correcto do ditador español *Curmán de Rivera*
- 3) Recompoña o nome correcto de *Simpática Czarnecka*, que envía dende Polonia unha crónica publicada na versión electrónica da Voz de Galicia.

(Solucións na páxina 51)

⁴ Sic.

Non sei por que as abrandares sacamos mellores notas

RETRADUCIÓN: DO GALEGO AO... DISPARATE

O tradutor traduce. No caso da dobre versión electrónica do devandito xornal faino do español -que é a lingua do orixinal, o texto publicado na edición impresa- ao galego. Pero: que acontece cando un artigo está xa en galego? O caso dáse, aínda que a presenza do galego no xornal sexa reducida e se constate mesmo un cambio de lingua en diversos colaboradores que comezaron os seus artigos en galego e despois foron mudando de lingua pasando –non sabemos por que razón- ao español

Pois ben, o tradutor traduce sempre. É unha máquina e traduce sistematicamente o texto á lingua que lle pasan valéndose da información que ten: o español como lingua base e o galego como lingua a buscar equivalentes. E se o texto está en galego, volve traducilo ao galego dende o español. O que quere dicir que se unha palabra galega coincide coa española permanece na frase; se non figura na súa base de léxico español tamén permanece pois o tradutor deixa a palabra en galego, mais se a palabra galega coincide na súa forma con outra española, será retraducida... con un significado distinto ao que ten.

Daquela, en vez de deixar como está toda a frase *Non sei por que as mulleres sacamos mellores notas* (que sería a orixinal do encabezamento deste apartado), o tradutor acerta en *Non sei por que as ... sacamos as mellores notas* mais erra estrepitosamente en *mulleres*.

Pero seica a palabra *mulleres* existe en español?

Pois si, e aínda que a moitos hispanófonos de tradición –mesmo das bisbarras máis tradicionais- pode soarlle como descoñecida, é unha palabra española. Trátase da segunda persoa do singular do futuro de subxuntivo do verbo *mullir* (tú *mulleres*) que, por moito que apareza rexistrado ás veces nas conxugacións, practicamente non se emprega.

O máis curioso é que, ao tratarse *mulleres* dunha forma verbal e, en troques, non existir nese verbo español a forma *muller*, nun mesmo texto o tradutor automático traduciría a mesma palabra en singular por *muller* e en plural por *abrandares*. Un resultado máis caótico aínda.

Como exemplo do resultado desta “retradución” imos dar un texto curto. Velaí:

Un traballo que analiza a nivel cuantitativo e cualitativo a discriminación do alumnado que abacele a centros de ensino dá vila de Melide é ou gañador da duodécima edición do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais

Como vemos, algunhas palabras do texto resultan deformadas mais pódense entender (*ou* en lugar de *o*, *dá* en lugar de *da*). O problema é dar entendido ese *abacele*. Teremos que ir ao texto orixinal:

Un traballo que analiza a nivel cuantitativo e cualitativo a discriminación do alumnado rural que acode a centros de ensino da vila de Melide é o gañador da duodécima edición do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais.

Agora resulta comprensible: *acode* é a 3ª persoa de singular do presente de indicativo do verbo *acudir*. Perfecto, mais: como é que *acode* virou en *abacele*?

Vexamos: o tradutor busca se no seu particular diccionario español-galego, a súa base de datos, alí figura *acode* e atopa a palabra. Non é que en español se diga *acode* esa persoa do verbo *acudir*; trátase de que existe outro *acode*, do verbo *acodar*, realizar certa operación de horticultura chamada tamén *ensarmentar* e que ven correspondendo ao galego *abacelar*. Velaí, pois, como o galego *acudir* acabou no tamén galego *abacelar* que non pinta nada na frase de que se trata.

Cumpriría evitarlle ao tradutor automático esa “retradución”. Non pasalos por el pois que xa están escritos en galego, e seguramente nun galego totalmente correcto. Porque outramente non só teremos un resultado cheo de palabras galegas que non veñen ao caso e falsean o sentido da frase senón de incorreccións.

Por sistema o tradutor transforma o artigo *o* na conxunción *ou*, o artigo *os* no pronome persoal *vos*, a contracción *da* na forma verbal *dá*, a contracción *dos* no adxectivo numeral *dous/dúas*, a contracción *no* na negación *non*, a afirmación *si* (e o pronome reflexivo *si*) na conxunción *se*, o adxectivo demostrativo *este* no punto cardinal *leste*, etc.

Estas “transformacións” inzan os textos e despistan ao lector: Velaí senón:

...vos seus protagonistas son nenos monstros que traballaban nun circo abandonados nun vagón úsanos do cambio de século anterior. Ou libro pide que desapareza a estanqueidade dous xéneros. Xente considerada rara esquecida nalgún lugar non que lle dar voltas ao pasado. [...] Xurxo Borrazás asegurou na presentación do seu ensaio Arte e parte, (Editorial Galaxia) que o facía ou traballo sucio dá literatura galega «porque alguén tinga que facelo». Engadiu, como dei non libro, que «se non ou fan ou máis novos alguén terá que asumilo».

Comparemos co texto orixinal, en galego, antes de “retraducir”:

...os seus protagonistas son nenos monstros que traballaban nun circo abandonados nun vagón nos USA do cambio de século anterior. O libro pide que desapareza a estanqueidade dos xéneros. Xente considerada rara esquecida en algún lugar no que lle dar voltas ao pasado. [...] Xurxo Borrazás asegurou na presentación do seu ensaio Arte e parte, (Editorial Galaxia) que el facía o traballo sucio da literatura galega «porque alguén tiña que facelo». Engadiu, como di no libro, que «se non o fan o [sic] máis novos alguén terá que asumilo».

De todos xeitos, o máis grave non é dificultade de comprensión do significado, senón a deturpación das regras e das características lingüísticas do galego:

Quen máis criticanos e quen non venos

“É un proxecto herdado e dalgunha forma hai que saír de o”

...aquí pilloche, aquí mátoche

Esa “retradución” prodúcese tamén ante frases e expresións noutras linguas, sexa o inglés, o francés, o catalán ou calquera outra. Nunha noticia do fálase na *web en castellano* do ballet *Le lac des cygnes*, correctamente citado co seu título en francés, en tanto que na *web en galego* a obra resulta ser *Lle lac deas cygnes*. Noutra dise que

Galiza terá un pavillón *no Salgou Internacional do Còmic de Barcelona* en lugar de *no Saló Internacional del Còmic de Barcelona*. E a expresión inglesa *late night*, referida ás emisións de televisión ben entrada a noite aparece noutras ocasións na edición galego como *latexa night*. Coa mesma, dous helicópteros *Sea King* da Mariña Británica convertéñse en dous helicópteros “*Sexa King*” e o cruceiro *Sea Diamond* convértese no cruceiro “*Sexa Diamond*” . Igual que o concello galego de Valga fora transformado en *Valla*.

Pensamos que non debe ser tecnicamente complicada unha solución para conservar tal cal –tan ben escritos como están no orixinal- os artigos que xa están en galego. Por respecto aos lectores e por respecto aos autores, aos que abaixan estragándolles o seu traballo.

AUTOTEST

Recompoña este texto "retraducido" intentando restituír a frase orixinal:

A asociación Ponche nas Ondas ten como unha das súas actividades máis recoñecidas esta maratón radiofónica, que comezou unindo a escolares dunha banda e doutra do Miño e que ten ampliado ao longo dúas doce últimos anos ou seu espectro internacional sen deixar de promover entre vos nenos ou patrimonio inmaterial.

(Solución na páxina 52)

Para iso recorren á microcirugía, unha especialidade que converte ao médico nunha especie de artesán relojero...

PALABRAS EN ESPAÑOL

Con moita frecuencia aparecen nos textos palabras en español. As veces, algunhas noticias dan a sensación de as frases estaren escritas en castrapo:

*A bajamar se alía cos cacos
La Carrera da Saúde reúne a máis de 400 participantes
Posteriormente a judería estendeuse á denominada porta de la Fuente do Bispo
...cando oiron un golpe moi forte e un crujido. “Pero os da naviera non deron a voz de alarma -relatou...*

Non damos determinado con certeza a causa, aínda que o probable é que exista máis dunha.

Dado que o tradutor automático é -como xa temos explicado- unha especie de diccionario de funcionamento mecánico, pódese pensar que non está incluído na base de datos todo o léxico que se emprega na edición orixinal en español. Iso é o primeiro que un pensa cando atopa palabras moi especializadas, de uso pouco frecuente ou relativamente recentes como *gigavatio, neonatología, andrógina, termátesis, neurotoxicidad* ou *georreferenciada*. Outras moitas palabras, nunha base de datos medianamente ampla, deberían figurar coa súa tradución en galego. Referímonos a palabras como *gestante, atunero, despoblación, siderurgia, brusquedad* ou *ultraderechismo*. E parece que *cuchillazo, preciosidad, horadar, raja, ajusticiado, congelamiento, rehúsa, pataleó, zarandear, ideológico, fueraborda, escolaridad, ultraligero, cazatesoros, diluvió* e tantos outros non teñen xustificación de apareceren en español.

Pero aínda máis sorprendente e inxustificable é atoparmos palabras como *vejiga, hierro, harinosas, castillo, nieva, remolino, se tuercen, ahogamiento, pedacitos, murciélagos, campanilla, robledal, faja, helecho, cancilla, guisantes* ou *hombrecillos*

Que explicación pode ter que se fale de *unha chiquitina?* (“...en Boiro a honra correspondeulle a unha chiquitina de pouco máis dun ano”). Seica os “pais” do tradutor non saben que en galego dicimos *unha pequerrecha?*

Sen dúbida existe tamén un mal funcionamento do tradutor pois é impensable que moitas desas palabras non estean incluídas. Ás veces –pois é de supoñer que non é sempre- prodúcese un erro e introdúcese a palabra en español.

En calquera caso, unha axeitada revisión dos contidos debería permitir doadamente solucionar parcialmente estes erros. E o eventual mal funcionamento tamén debería ter solucións técnicas

Dentro das sorpresas que este anómalo funcionamento léxico depara, queremos apuntar só dúas.

Con frecuencia aparece no orixinal español o substantivo *fuentes*. Unhas veces a súa tradución é *fontes* e outras veces *fuentes*:

Segundo fontes consultadas, todos estes requisitos figuran na normativa en vigor que regula as concesións mineiras

Fuentes coñecedoras do caso...

Claro que noutro artigo do mesmo día aparecen *fuentes* e mais *fontes*

Fuentes da asociación de veciños de Navia [...] As mesmas fontes da entidade cidadá deste barrio vigués...

O habitual, con todo é que apareza *fuentes*:

Fuentes da institución dixeron que...

Fuentes da produtora galega Continental Produccións...

Fuentes do sector temen que a entrada de produto doutras latitudes rebaixe o prezo tras o paro

O curioso do asunto é que cando a palabra dos textos orixinais (os artigos en español da Voz de Galicia) comeza con maiúscula aparece *Fuentes* e cando comeza con minúscula aparece *fontes*.

Un malpensado vería niso a diferente importancia concedida aos dous idiomas.

Non queremos nós ser mal pensados cando vemos que sistematicamente a versión traducida emprega sistematicamente *Dios*, a forma en español, en lugar de *Deus*, a palabra galega. Seica non introduciron o termo na base de datos?:

Un home intenta cobrar un cheque asinado por Dios

... o esquecemento da expresión “In God We Trust” (“Confiamos en Dios”)

“Xa que logo eu pido a Dios polo pai Sobriño para que sexa dócil aos ensinamentos da Igrexa e que revise as súas conclusións” sostivo o prelado católico

“Estou curada, é obra de Dios”

O Papa contra os traficantes de droga: “Dios pedirávos contas”

Dá a impresión de que a lingua da Igrexa Católica (a *Iglesia* como aparece nos artigos da versión en galego) é o español:

“Estaba enferma e cureime. Á Igrexa correspóndelle pronunciarse e recoñecer que é un milagre”

Máxime cando tamén Xesús aparece como *Jesús*:

O Vaticano amonesta a Jon Sobriño por cuestionar a divindade de Jesús

Neste segundo ano Benedito XVI escribiu un libro sobre Jesús

O Papa Ratzinger engadiu no seu discurso que o mal causado recibe a mesma reprobación que Jesús expresou para aqueles “que escandalizaban aos máis pequenos...”

Evidentemente, aínda que se refira a unha data, non nos sorprenderá atopar *San Juan* en lugar de *San Xoán*.

*Vicepresidencia adianta o San Juan en Acea de Ama
As choivas cesarán para a noite de San Juan*

Seica -como titulaba un artigo gañador do premio Fernández Latorre hai xa varias décadas- *A Igrexa non fala a mesma lingua que os galegos*.

AUTOTEST

Nas seguintes frases, substitúa as palabras españolas que figuran incorrectamente polas súas correspondentes galegas:

- 1.- *Telehechiceros por satélite no mundo árabe*
- 2.- *Para comprender o segredo de Rodas hai que subir o monte por pistas de terra ata a Pedra dá Campá, unha formación rochosa horadada polo home.*
- 3.- *Israel rehúsa tratar co novo Goberno palestino de unidade nacional*
- 4.- *"Facía as miñas procuras de noite cunha lechuza voando arredor dun campanario..."*
- 5.- *O remolino pasou a unha distancia de dúas millas (uns tres quilómetros) ao leste do centro meteorolóxico situado na zona.*

(Solucións na páxina 52)

XUSTO O CONTRARIO

No caso extremo, un erro do tradutor automático pode causar que a frase traducida diga totalmente o contrario da frase orixinal. A elemental distinción de significados entre *matar* e *morrer* non se fixo ao introduciren os programadores a información necesaria no tradutor automático. Resulta evidente que *ser condenado a morrer* e *ser condenado a matar* son cousas ben distintas. Loxicamente, a frase orixinal en español utilizaba *ser condenado a morir*, que en galego debemos traducir por *ser condenado a morrer* ou *ser condenado á morte*.

Leamos tamén o seguinte titular:

«Estou a matar cos xogadores»

Todos entendemos que a persoa que pronuncia a frase di que está nunha relación extremadamente mala cos xogadores. Por iso resulta raro este parágrafo posterior do artigo:

O técnico celeste asegurou que as súas palabras foron «malinterpretadas» e que está «a matar» cos xogadores, cos que se reuniu hoxe no vestiario para darlles as correspondentes explicacións. «Hanme malinterpretado. ás veces un di unhas cousas e logo pon outras. Non é a primeira vez nin a segunda, nin probablemente sexa a última que me pasa, pero se estou aquí dando a cara é porque estou cos meus xogadores. Desde o primeiro día defendinos e sempre os defenderei e se hai cousas mal entendidas ou mal escritas eu non teño a culpa», aclarou.

Dá a sensación de que, efectivamente hai algunha cousa mal escrita ou mal entendida, pois non cadra ben *estar a matar* e manifestar *estou cos meus xogadores, defendinos sempre e sempre os defenderei*.

Teremos, logo, que ler o texto orixinal en español:

El técnico celeste aseguró que sus palabras fueron «malinterpretadas» y que está «a muerte» con los jugadores, con los que se reunió hoy en el vestuario para darles las correspondientes explicaciones. «Me han malinterpretado. A veces uno dice unas cosas y luego ponen otras. No es la primera vez ni la segunda, ni probablemente sea la última que me pasa, pero si estoy aquí dando la cara es porque estoy con mis jugadores. Desde el primer día los he defendido y siempre los defenderé y si hay cosas mal entendidas o mal escritas yo no tengo la culpa», aclaró.

Velaí: o orixinal dicía *que está “a muerte” con los jugadores*. Cousa ben distinta a *que está “a matar” con los jugadores*.

A muerte ven sendo ‘incondicionalmente, hasta el final, hasta la muerte’, é dicir , o contrario totalmente ao que di a tradución galega.

E agora leamos estoutro titular:

Otegi acusa a PSOE e PNV de "dar portada" ao diálogo no conflito vasco

Nun primeiro momento a frase parece normal. Só, que o sentido non acaba de cadrar, vistos os protagonistas. Interpretabamos *dar portada* como 'publicitar, facerse eco, poñer en primeiro plano, dar relevo', o que non debería ser motivo de acusación por parte do protagonista. Algo non cadra na noticia. Que será, logo, *dar portada*?

Imos ao orixinal en español e lemos:

Otegui acusa a PSOE y PNV de "dar portazo" al diálogo en el conflicto vasco.

Dar portazo é 'cerrar la puerta con fuerza'. Todo o contrario de *dar portada*.

E, como terceiro exemplo, leamos finalmente esta frase dun artigo:

Non é a primeira vez que algunha houbo de romper o cerco de chamás nun buldócer

Unha persoa afeitada a falar o galego tradicional, o galego enxebre, entenderá que o cerco de chamás estivo a punto de romperse pero que non se rompeu. Efectivamente cando utilizamos o pretérito perfecto de indicativo (ou *antepretérito*) do verbo *haber* + infinitivo (precedido ou non da preposición *de*) expresamos que unha acción estivo a piques de acontecer mais que finalmente non aconteceu:

Houbeches perder o avión

Houbemos chegar tarde

Houberon de quedar pechados

E mais non é este o sentido que o autor lle dá a frase. Leamos todo o parágrafo:

¿Que pasará este ano? No 2006 salváronse as aldeas. Houbo rozas, pero o efecto cheminea de incendios nas ladeiras é un perigo para as brigadas. Non é a primeira vez que algunha houbo de romper o cerco de chamás nun buldócer.

Efectivamente, o sentido que se lle dá no texto a *houbo de romper* é o de obriga, de necesidade, o que si ten en español (*No es la primera vez que alguna hubo de romper el cerco de llamas en un buldócer*) pero que non ten en galego. Se na nosa lingua queremos expresar ese matiz de obriga, de necesidade, facémolo por medio de *ter que*+ infinitivo: *Non é a primeira vez que algunha tivo que romper o cerco de chamás nun buldócer.*

Como vemos, o texto orixinal, en español, do artigo da Voz de Galicia dicía que a situación xa se tiña producido máis dunha vez, en tanto que a tradución na súa *páxina web en galego* dicía o contrario: que estivera a punto de producirse (pero que non se producira).

Olo, logo, co tradutor automático, que pode facernos dicir xusto o contrario do que significa realmente o orixinal!

AUTOTEST

Localice na seguinte noticia da Voz de Galicia unha palabra que ten sentido negativo e contrasta totalmente coa opinión positiva expresada no texto ao ser produto dunha errada tradución do orixinal:

As APA de Galicia, tanto de centros privados como de centros públicos, coincidiron en aplaudir o consenso logrado neste borrador de decreto e nas medidas que incorpora. O vicepresidente da Confederación de APA Privadas, Constantino Iglesias, acusa de "buenísimas e acertadísimas as medidas", que ademais apostaron pola unión entre os tres partidos.

(Solución na páxina 52)

A consellería prepara un Catádespois de árbores senlleiras

CATA, LOGO

Unhas creacións ben choqueiras dese tradutor automático son os substantivos *o catádespois*, *o ideódespois*, *o diádespois* e *o homódespois*. Velos aí nalgunhas frases:

Os catro exemplos recolleitos figuran no catádespois da exposición sobre o centenario da Real Academia Galega clausurada fai uns días na Fundación Caixa Galicia

O presunto ideódespois desvincúlase da masacre e nega toda relación con ETA (16/02/07)

Unha gabarra sen #fertilizante e a procura do capitán do barco con diádespois de xordos

O alcalde de Catoira, o socialista Alberto García, fai as maletas e vaise de viaxe a Arxentina para “dedicarlle uns días”, di, a atender os problemas dos 170 catoireses que residen no país de Mafalda. O seu homódespois da Estrada, o popular Ramón Campos, fai o mesmo, pero en outubro...

Semella doada de entender esta creación: por un erro de programación, o tradutor aplica a equivalencia *logo=despois* en palabras que el le como compostas de *logo*. O estraño é que as frases orixinais non están en galego senón en español, co que esta explicación complicase. Para traducir –erradamente, claro- *catádespois*, *ideódespois*, *diádespois* e *homódespois* precisaríase que o texto orixinal, en español, dixese *catáluego*, *ideóluego*, *diáluego* e *homóluego*. O que non acontece.

En fin, que algún trasno andaría polo medio facendo...trasnadas.

SOLUCIÓNS AO AUTOTEST

Páxina 33

1.- O erro está en *insignia*.

Explicación: A frase orixinal, en español, dicía *...y hasta enseña orgulloso...*, utilizando o verbo *enseñar*. O tradutor automático atopa na súa base outra palabra *enseña* que non é a forma verbal senón o substantivo *enseña* 'estandarte, insignia, divisa' e de aí a tradución. En galego teríamos que utilizar *amosa*, *mostra* ou *ensina*.

2.- O erro está en *golfinño*.

Explicación: En español, lingua en que estaba redactada a noticia orixinalmente, son coincidentes na forma -son homónimas- as palabras *delfín*¹ 'mamífero cetáceo de la familia de los delfínidos' e *delfín*² 'hijo del rey de Francia llamado a sucederle en el trono, y, por extensión, persona que se prevé sucederá a otra en un cargo'. En galego, en troques, a primeira palabra é *golfinño* (e tamén *delfín*) namentras que a segunda (que procede do nome de persoa *Delfín*) só pode dicirse *delfín*. O correcto, daquela, sería dicir *O delfín de Yeltsin*.

3.- O erro está en *aloe beira*.

Explicación: O aloe ou aloé é unha planta da que a especie máis coñecida é se cadra a que leva o nome latino de *aloe vera*. A palabra *vera* que lle dá nome é o adxectivo *verus* 'verdadeiro', en feminino. A denominación significaría, pois, "verdadeira aloe". Non debemos, daquela caír na confusión de tomar a palabra *vera* polo substantivo español que en galego é *beira*. A denominación en galego é, naturalmente, aloe (ou aloé) vera.

Páxina 36

1.- A frase correcta sería *Irán bota a patadas aos afgáns*.

Explicación: O tradutor automático atopa na base de datos a expresión *a patadas* que en español, ademais do significado que comparte co galego ('de malas maneras, violentamente') pode ter un significado figurado ('en grandes cantidades') que é o que equivale ao uso -tamén figurado- en galego de *a fartar*.

2.- A frase correcta sería *Unha produtora británica busca persoas desfiguradas para participar nun programa*.

- *En ningún marzo dos últimos once anos superouse devandita porcentaxe, aínda que a mediados do mesmo mes de 2001 devandita conca contaba con só un 0'2% de auga menos que a depositada na actualidade.* (18/03/07)
- *Outes se irmá coa localidade lusa de Boticas* (11/02/07)

11.4 Corrixa a seguinte frase restituíndo o texto original galego antes de ser "retraducido":

- *Tamén salientou que, case como unha nobre reivindicación laboral, BD Banda paga aos seus colaboradores non momento en que lestes entregan vos orixinais.* (12/04/07)

12

12.1 Corrixa o erro de morfosintaxe contido nestas frases:

- *Os medios de comunicación británicos destacaban onte un achado que algúns xa comparan co arca de Noé* (01/05/07)

- *Admitiu a trámite a querela da Fiscalía na que se lle acusa de malversar e de falsidade documental* (23/03/07)

- *Os galegos de Venezuela se blindan contra o secuestro exprés* (03/06/07)

- *O Ministerio de Economía explicará en que fase atópase o proxecto, se o hai* (24/03/07)

- *Arrinca unha orella e cómella* (23/05/07)

- *...que antes "recollan o lixo que han esparexido"* (18/03/07)

- *Un 8% do total mundial das capturas. Iso é o que, segundo os cálculos da organización ecoloxista Oceana, suman descártelos, aquela fracción de peixe que chega no aparello pero que se tira pola borda dado o seu escaso valor comercial, porque o barco en cuestión esgotou a súa cota ou porque se prefíre desembarcar menos en porto para obter máis prezo.* (27/03/07)

- *Foi desmontado do seu marco sen que os gardas de seguridade désense conta* (14/06/07)

12.2 Corrixa a seguinte frase restituíndo a palabra correcta e explique como se produciu a confusión de significados:

- *Unha muñeira con ritmo de samba saúda a Pérez Touriño en Sao Paulo* (18/03/07)

- *A nova cualificación permite aos viños de mesa gozar dalgunhas das vantaxes das que dispoñen os caldos con denominación de orixe. Así, nas súas etiquetas poderá figurar tanto a variedade coa que están elaboradas como a engada.* (17/09/06)

12.3 Corrixa todos os erros (de morfosintaxe, de significados, palabras españolas, etc.) contidos nestas frases:

- *Houdin cre haber ata resolto o misterio da cámara do rei: o porqué dos seus cinco teitos de granito en lugar dun e o modo en que se levantaron os enormes bloques ata esa altura.* (30/03/07)

- ...recoñeceu que empregou dous defensas para reducir ao agricultor. Unha delas, a extensible, era da súa propiedade, mentres que a eléctrica, segundo asegurou, estaba no cuartel. No seu defensa alegou que fixo uso destes dous instrumentos de xeito "intimidatoria" e disuasoria". (20/03/07)

- A Lewis "Scotter" Libby acúsaselle de obstrución á xustiza, perjurio e falso testemuño. (05/06/07)

12.4 Corrixa a seguinte frase restituíndo o texto original galego antes de ser "retraducido":

Conta a tradición que non ano 1112 doa Urraca foi acollida polo bispo don Pedro e viviu unha tempada non corazón do casco vello de Lugo...(27/06/07)

13

13.1 Corrixa o erro de morfosintaxe contido nestas frases:

-*Unha pontevedresa se querela contra o programa Gran Irmán* (20/05/07)

- *O primeiro proceso de éraa dixital no que no haberá papel* (15/02/07)

-*A nai estaba preocupada por quen ía coidar á súa vástago* (24/03/07)

-*Arcelor Mittal vende TBA por 225 millóns. A compañía anuncia pechar finalmente o acordo anunciado en outubro de 2006.* (16/03/07)

- *En devandita comisión están representados, ademais...* (16/08/06)

...na base de datos máis importante a nivel occidental, a Vermont Oxford Network, cífrase contorna ao 20%... (10/03/07)

- *O Parlamento Europeo cambiará a etiquetaxe do augardente galego* (18/06/07)

- *"E ocorréullenos crear uns heroes".* (02/03/07)

13.2 Corrixa a seguinte frase restituíndo a palabra correcta e explique como se produciu a confusión de significados:

- *Achan descortizado o corpo do médico español desaparecido en Noruega* (21/03/07)

- *Deteñen ao xerente do matadoiro de T. por estoupar emigrantes* (06/04/06)

13.3 Corrixa todos os erros (de morfosintaxe, de significados, palabras españolas, etc.) contidos nestas frases:

- *O faro atópase ao sur, na parte máis saínte, nun lugar coñecido como punta Besugueiros. O seu deseño é de 1954 e sobre a súa planta apiñanse paneis solares con enerxía fotovoltaica. Aínda hoxe en día está ao coidado de fareros. Tres se turnan ao longo do ano para que os sinais marítimos cumpran o seu labor.*

Desde o alto privilexiado no que se atopa a torre, nos días claros é posible contemplar no horizonte da ría as illas Cíes e, ata, a costa de Portugal. (05/04/07)

- *Dous mil persoas maniféstanse en Oviedo para pedir a oficialidade do bable (05/05/07)*

- *A Cámara alta deu a súa visto e praxe a catro estatutos de autonomía a propósito de que contiñan erros como dicir “bens e mobles” en lugar de “bens inmoables”. ((16/03/07)*

13.4 Corrixa a seguinte frase restituíndo o texto original galego antes de ser "retraducido":

-Ás veces, non Alto dá Xesta, parécese veo ao lonxe cun libro na man... (01/04/07)

14

14.1 Corrixa o erro de morfosintaxe contido nestas frases:

- *Engúrralas de Kate Moss (01/02/07)*

- *Os partos en casa popularízanse no Reino Unido (20/05/07)*

- *Admitiu deseñar decenas de atentados errados, como os asasinatos de Clinton e do Papa. (16/03/07)*

-...o coello non apareceu por sitio algún. (27/06/07)

-Apenas doce horas logo da inauguración ao grande da pista de piragüismo... (23/06/07)

-...é por estas datas, ao comezo do verán, cando este peixe azul é máis exquisito e achégase á costa. (23/06/07)

-" Non vou fallar a Diana e Dodi, a pesar de que os obstáculos erixidos no meu contra son moitos e xigantescos". (02/03/07)

- *Rudi é o nome deste #xabari\ 5 que parece haberse gañado a confianza e o agarimo de parte da granxa na que vive. (09/03/07)*

14.2 Corrixa a seguinte frase restituíndo a palabra correcta e explique como se produciu a confusión de significados:

⁵ Este tipo de símbolos aparecen con frecuencia na páxina *web en galego* da Voz de Galicia.

- Unha “manifesta ponde a mal” con Garzón tras coincidir en Interior (13/05/07)
- Un camión envorca en Betanzos e verte 1.200 litros de eslamada líquida (23/05/07)

14.3 Corrixa todos os erros (de morfosintaxe, de significados, palabras españolas, etc.) contidos nestas frases:

- Berlusconi afirma que non volverá a presentar para primeiro ministro (27/01/07)
- Absolto un home por arroxar unha mascota dentro dun floco (01/04/07)

O «Iseotes Fluitans Romero », un helecho endémico que só se dá nas ribeiras dos ríos da Costa da Morte e o norte da Coruña e Lugo e que foi descuberto o pasado ano é unha das 74 especies da biodiversidade galega que corren perigo de desaparecer. Aves como o urogallo ou mamíferos como o oso pardo, son outras das especies ameazadas nos ecosistemas da Comunidade (22/05/07)

14.4 Corrixa a seguinte frase restituíndo o texto original galego antes de ser "retraducido":

- "Tiranlleme ou coche, é como tirásenlleme anos de vida" (01/04/07)
- "En realidade tinga unha idea para facer unha longa de ficción" (23/06/07)

15

15.1 Corrixa o erro de morfosintaxe contido nestas frases:

- ...como aditivo en numerosos perfumes e lociones... (08/02/07)
- O tribunal que xulgou a Otegui di que existían probas para condenarlle (23/03/07)
- O máis habitual é que este tipo de tratamentos aplíquese nas mans e os pés. (26/03/07)
- A Semana Santa deixa 102 mortos nas estradas, dúas menos que no 2006 (09/04/07)
- S[...]M[...]dixo onte que non renunciará á súa candidatura á alcaldía e que sente apoiado... (03/03/07)
- "A crise do 2001 foi unha oportunidade, pero a estamos perdendo aos poucos" (24/06/07)
- Acórdome pouco del, o cal non se se é bo ou malo. (03/06/07)
- ...aínda non se localizou ou identificado aos responsables do ataque (15/03/07)

15.2 Corrixa a seguinte frase restituíndo a palabra correcta e explique como se produciu a confusión de significados:

- *Detido un ex-xeral serbio polos seus crimes de guerra en Kósovo* (18/06/07)

- *Un erro de impresión deixa en circulación un número indeterminado de moedas de 1 desbatar...* (08/03/07)

15.3 Corrixa todos os erros (de morfosintaxe, de significados, palabras españolas, etc.) contidos nestas frases:

- *Un home grave ao caerse polos cantiis do paseo marítimo coruñés* (21/04/07)

- *Non só as botellas, tamén os esquejes de albariño están conseguindo dar a volta ao mundo.* (24/06/07)

- *Cos coñecementos actuais achega do clima non se pode aínda predicir que vai pasar no futuro, o que si se pode afirmar, segundo o xeólogo Carlo Alberto Ricci, é que os polos «non se van a fundir en 50 anos; polo menos tardarían mil anos en facelo se a temperatura segue aumentando».* (19/05/07)

Sobre a "pasarela" desfilaron de xeito individual as 14 novillas preñadas e os 15 machos de raza loura galega que se venderon na poxa nacional de gando... (24/06/079)

15.4 Corrixa a seguinte frase restituíndo o texto original galego antes de ser "retraducido":

- *"Se algo funcionou mal, como dei a ministra, queremos saber exactamente que foi"* . (26/04/07)

- *...ou resultado é moito máis positivo que en anos anteriores; tamén estanse investigando máis incendios.* (24/06/07)

SOLUCIÓNS

Nivel I

1.1

...e un traxe... / Os capuchóns... / ...blíndase... / ...que na súa maior parte.../cando se precipitou á auga. / ... dúas visitas. / ...que xa aparecera... / ... que en marzo se rexistrase...

1.2

Corrección: *O coxo máis...*

Explicación: O titular orixinal, en español, dicía *El cojo más temido*. A frase emprega o substantivo *cojo* ‘hombre que cojea o que carece de una pierna’. O tradutor automático, na súa base de datos de palabras españolas, atopa outra palabra española, *cojo*, primeira persoa de singular do presente de indicativo do verbo *coger*, e pon na frase traducida o seu equivalente galego, *collo*, cando debería utilizar o substantivo *coxo*.

Corrección: *...que mostra no seu pulso...*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba *muñeca*, palabra que ten varias acepcións, entre elas a do texto (zona do antebrazo donde se articula con los huesos de la mano’) e a de ‘figura de niña o de mujer, que sirve generalmente como juguete’. O tradutor confunde a primeira acepción coa segunda, que en galego se expresan por medio de palabras distintas (*pulso* e *boneca/moneca*).

1.3

Os neandertais... dos cromañóns

... *no que... ¿Casarás*te (ou *casarás*) ...

...*tendido eléctrico se tratase... empálmanse...*

1.4

Os editores... no 2007...o auxe... / ... se me resiste

2.1

... *foi errónea / ...denunciouno. / ...que se mellore e se abarate. /...con intención de fuxir / ... reimplantou... / máis grande fóra de España / con inadaptacións... /...foran ver...*

2.2

Corrección: *Veño ver unha amiga que coñecín...*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, di *Vengo a ver*, frase na que *vengo* é unha forma do verbo *venir*. O tradutor confúndeo con *vengo*², do verbo *vengar* polo que o traduce en galego como *vingo* que corresponde a esta segunda acepción, cando debería telo traducido como *veño*. Repárese, a maiores, en que en galego non se utiliza a

preposición *a* co verbo *vir* (nin con *ir*) seguido de infinitivo nin co substantivo que representa o obxecto directo.

Corrección: *Unha explotación de cría de aves exóticas*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba a palabra *cría*, do verbo *criar*. O tradutor confúndea con *cría*² (substantivo, 'niña pequena) por iso traduce en galego como *cativa* cando debería ter traducido como *cría* ou *crianza*.

2.3

Tranquilidade... praza Dous de Maio...

...se adiantou.. de pulgóns... chícharos (ou ervillas, pericos) ...

...que non te poñas... pero tárdase

2.4

"Se as previsións se cumpren no 2007, o audiovisual comercial experimentará un elevado crecemento"

3.1

Conxelada a rodaxe... / ...por casarte (ou por casar)... / ... a doma, a rapa e a marcaxe... / ...ao velo. / ...ante a alza de... / ... con dúas mil hectáreas de... / Rescatado nas Illas Cíes... / ...se os fallos se prolongan

3.2

Corrección: *O que denominan nun comunicado "encuentro de debuxantes sen precedente"...*

Explicación: O texto orixinal, en español, fala dun *encuentro de dibujantes*, utilizando o substantivo *encuentro* 'reunión' que o tradutor automático confunde con *encuentro*² forma do verbo *encontrar*. De aí que en galego utilice *atopo*, que é non ten sentido pois só existe como forma verbal. O substantivo é *encuentro*.

Corrección: *...carecen de cota...*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba a palabra *cupo*, (substantivo 'cuota, parte que le corresponde a alguen'. O tradutor confúndea con *cupo*² (do verbo *caber*) por iso traduce en galego como *coubó* cando debería ter traducido como *cota*.

3.3

...que xa se aparearon... que se está á espera...

...e córtao... anaquiños.

...na súa literalidade... (xénero e palabra española)

3.4

- *As posibilidades do metabuscador da Rede de Bibliotecas de Galicia permiten, ademais de localizar títulos escasos, coñecer o eco obtido por algúns títulos en función dos exemplares dos fondos públicos.*

4.1

...cancelacións, novacións e subrogacións /...que a policía a detivo.../ ...cantas veces lle tocou.../ ...se inicie... / ...da súa excompañeira.../...que xa aparecera noutras... / ...firmas fóra do.../ Só dúas de cada...

4.2

Corrección: *Neste concello ourensán hai calma...*

Explicación: O texto orixinal, en español, di *...hay calma...*, empregando o substantivo *calma* 'tranquilidad'. O tradutor automático confúndeo con *calma*² (do verbo *calmar*) e de aí a tradución en galego como *acouga*, cando debería traducir como *calma* (substantivo)

Corrección: *...como pinches e ordenanzas.*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba *pinches* (substantivo 'ayudante de cocina'). O tradutor confúndeo con *pinches*² (do verbo *pinchar* 'picar') polo que o traduce en galego como *piques*, que corresponde a esta segunda acepción cando debería telo traducido como *pinches* xa que esta palabra tamén existe en galego.

4.3

*...chegou mesmo (orixinal incluso) a ameazala... o trasladaba a...
...creador do miquiño... dun homiño...
...a arma... cancela...*

4.4

- *Dise moito que o correo que circula pola Rede, como as mensaxes de texto enviadas a través dos teléfonos móbiles, estanlle causando un grave dano ao vello rito de escribir cartas, e pode ser certo.*

"Os temas monetarios son secundarios"

5.1

...e levalos ata.../...se manchase a.../...a cifra marca... /...a fame éntralles.../ ...apenas morren... / Londres suspendeu... /...por que afogou o.../...satisfai dúas das súas mais...

5.2

Corrección: *...para desenvolver vacinas contra...*

Explicación: o titular orixinal do xornal, empregaba o substantivo español *vacuna* ('substancia de orixe microbiana que se administra para inmunizar contra determinadas enfermidades') con *vacuna*² (adxectivo 'propia de a vaca') . Aínda que as dúas palabras proceden de *vaca* non significan o mesmo. En galego o substantivo é *vacina* - que é o que cumpría poñer na tradución- e o adxectivo *vacúa*.

Corrección: *...en nove sectores clave...* (tamén sería posible dicir *...en nove sectores chave...*)

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba *clave* (orixinalmente substantivo 'pedra central de un arco' e posteriormente adxectivo 'central, estratégico'). O tradutor confundeu con *clave*² (do verbo *clavar* 'introducir mediante a forza un obxecto puntiagudo') polo que o traduce en galego como *crave*, que corresponde a esta segunda acepción, cando debería telo traducido como *clave*.

5.3

*...codelas de pan...catequese se axustan á... Igrexa...Xesús
...pequenísimas...libracións lonxitudinais...
...por destruíren...pero dúas delas...*

5.4

"A xente non le porque non quere, os libros son fáciles de conseguir"

"Os temas monetarios son secundarios"

Nivel II

6.1

...mozas brillantísimas (ou mozos brillantísimos) / Sentíaste... / ... se acheguen / ...caer á auga.../ ...que dous dos proxectos... / ...cae co seu coche... / ...fumigaranse... / ..."don Preciso morreu..."

6.2

Corrección: *A auga alagou casas, levou un coche e arrasou leiras en Barreiros*

Explicación: O texto orixinal, en español, utiliza o substantivo *sembrados* 'terrenos plantados de sementes'. O tradutor atopa *sembrados*², participio do verbo *sembrar* -que en galego é *sementar*- e de aí procede a confusión. En galego habería que empregar os substantivos *leira*, *agro*, etc

Corrección: *...o chocolate duplicou os latidos cardíacos dos 12 voluntarios, duns 20 anos...*

Explicación: O texto orixinal, en español, di *... duplicó los latidos cardíacos* utilizando *latido*¹ que é un substantivo ('acción de latir'). O tradutor automático atopa outra palabra igual, *latido*² que é o participio do verbo *latir* (en galego *latexar*) e de aí provén a confusión.

6.3

hipnotizouna (palabra en español e colocación do pronome)
...*se libran...* o *levase* (colocación do pronome e tempo verbal)
... o *permite...* *vai impedir*

6.4

O director do Inega opina que no 2012, Galicia debería producir tantos megawatts do vento coma os das hidráulicas, "e ademais temos que liderar o aproveitamento da biomasa".

7.1

...*electrocútase...* / ... *non se soluciona...* /...*esfumáronse/ morrer* (ou *morreres*, co infinitivo conxugado) /...*cousas del...* / ...*do seu caserío* / ...*que o "tratan ben"* / ...*tras maltrataren...*

7.2

Corrección: *Os residuos de pímulas anticonceptivas vertidas aos ríos provocan menos fertilidade nos peixes*

Explicación: O titular orixinal, en español, dicía *Los residuos de píldoras anticonceptivas vertidos...* Son, pois, *os residuos...vertidos...*, é dicir *vertidos* é o participio do verbo *vertir* (en galego, *verter*). O tradutor automático atopa na súa base de datos *vertidos*², substantivo, ‘lo que se vierte’ e tradúceo polo seu equivalente galego, *vertedura*. Repárese tamén en que –seguramente debido a unha gralla tipográfica xa no orixinal español- se produce unha falta de concordancia entre o suxeito e o verbo da frase: *Os residuos...provoca...*

Corrección: ...*calificou a iniciativa de "carta aos reis magos"*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba *carta a los reyes magos*. Aínda que nalgúns casos, o substantivo e adxectivo español *magos* poida equivaler ao galego *meigos*, o uso no caso da tradición cristiá dos Reis de Oriente establece *reis magos*, como é ben sabido

7.3

...*tan só se estenden...* *esparexéronse...*
...*que lle imputan...* e *povocaron a queima...*
...*intimidaren...* *cunha arma*

7.4

- *Os accidentes mortais no traballo reducíronse un 22' 7% no 2006*

8.1

Robinsóns... / ...se saquearon... / ...se lle achegaban / ...coa súa mesma... / ...dúas estadounidense... / ...das conservas... / ...e a empresa reingresarallos... / Se te paras....

8.2

Corrección: *...construído en terreo gañado ao mar.*

Explicación: O texto orixinal, en español, falaba de *terreno ganado al mar*, utilizando na frase a palabra *ganado*, participio do verbo *ganar*. O tradutor automático atopa na súa base de datos de palabras españolas outra palabra homónima, *ganado*² ‘conxunto de animais domésticos que se crían xuntos’ e traduce polo seu equivalente galego, *gando*, cando tería que utilizar *gañado*, participio do verbo *gañar*.

Corrección: *...contra nenos, mozos e mulleres.*

Explicación: A frase orixinal, en español, dicía *contra niños, jóvenes y mujeres*. O galego *novos* é equivalente do español *joven* cando se trata dun adxectivo (*un chico joven*= *un rapaz novo*) mais cando se trata do substantivo *joven* o equivalente galego é o substantivo *mozo* (*un joven de unos veinte años*=*un mozo duns vinte anos*)

8.3

...antes de que se producise... oficial ningún...

...de nada nos vai servir (colocación do pronome e mais preposición *a*)... *vainos quedar* (pronome *lle* e preposición *a*; de todos os xeitos, mellor é reformar a frase cunha construción distinta como *cos beneficios vai quedar...*)

... alíanse...apoiaren

8.4

"¡Xa me dirán que oficio é máis arriscado que o noso!"

9.1

Estas árbores son divinas /...se un día lle pasaba algo/ ...as decisións tómoas eu / ...de que os convoquen... / ... cre ter descuberto... /...levántase cedo... / ...sobre o seu caparazón/ ...para incrementaren...

9.2

Corrección: *"Homes araña" asaltan ...*

Explicación: O titular orixinal, en español, é *"Hombres araña" asaltan...* A confusión do tradutor automático prodúcese porque se lle cruzan dúas palabras iguais: o substantivo *araña* ‘animal da clase dos arácnidos’ e mais o verbo *arañar* (*el/ella araña*) que en galego é *rabuñar*.

Corrección: *Unha máquina de raios X ispe...*

Explicación: O titular orixinal, en español, dicía *Una máquina de rayos X desnuda a los pasajeros de los aviones*, utilizando o verbo *desnudar* na 3ª persoa de singular do presente de indicativo. O tradutor automático, en troques, toma a palabra por *desnuda*²,

o participio do mesmo verbo, que en galego é *espir* (ou *despir*) e o participio *espida* (*despida*).

9.3

...se formaron... a fin... para formaren...quedaron illados

...se refuxiase...da falla...

...que veste...unha pelica...

9.4

Dende logo non na instalación de aeroxeneradores no mar. Pero si que é preciso experimentar co potencial das ondas para a produción enerxética.

10.1

...de interconexións... /...descoñécese.../ ...se será a mellor... / ...pola queima... /Se alguen se sente... / ...por diciren... / o seu 60°... / ...que en sete anos o levou...

10.2

Corrección: *O festival da pequena aldea pontevedresa, propiamente dito, terá...*

Explicación: O titular orixinal, en español, falaba de *el festival...propiamente dicho*, é dicir, *el festival propiamente considerado, el festival en sentido estricto*, igual que en galego *o festival propiamente dito*. *Dicho* (participio do verbo *decir*) tamén ten en español o sentido de 'ya mencionado anteriormente' (*el festival tendrá lugar dichos días*), que en galego dicimos utilizando o adxectivo *devandito* (*o festival terá lugar os devanditos días*). O tradutor automático, só reconece unha palabra 89centúa dous sentidos.

Corrección: *Touriño cualifica o suceso de...*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba *tilda*, do verbo *tildar* que en español ten varias acepcións: 1) 'poner el símbolo gráfico llamado tilde (~)' (que en español se pon enriba do ñ e en portugués nas vogais nasais); 2) atribuír el comportamento negativo o el defecto que se enuncia, cualificar negativamente'. Resulta evidente que o sentido da frase orixinal é o segundo. O tradutor debe ter a instrución de traducir como *acentuar* o verbo *tildar* aínda que nin en español nin en portugués *acento* e *tilde* (ou *til*) son a mesma cousa.

10.3

...cantís...para copularen e criaren... ao caeren...

...rompexeos...penetrar...virxinais...

...alianse...cobraren...

10.4

"Se a miña música causa confusión sobre o xénero, entón é que está perfecta"

NIVEL III

11.1

...ese é un labor... / ...mil cigarróns / Dalles "moito medo" afirman... / ...que tarifa lle porá. /...rastros ningún.../ ...vaise perder /...por planearen.../ ...acurtaría...

11.2

Corrección: *Lestido mendiga unhas barreiras*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba a palabra *mendiga* (do verbo *mendigar* 'pedir limosna, pedir humillándose'). O tradutor confúndea con *mendiga*² (substantivo 'mujer que pide limosna') polo que a traduce en galego como *esmoleira*, que corresponde a esta segunda acepción, cando debería tela traducido como *mendiga* xa que o verbo tamén existe en galego.

Corrección: *...das 50 firmas líderes...*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, dicía *...de las 50 firmas...* empregando o substantivo *firma* 'empresa, razón comercial'. O tradutor confúndeo con *asinas*⁵ (do verbo *asinar*) e de aí a tradución en galego como *asinas*, cando debería ter traducido como *firmas* (substantivo). Repárese en que en galego existe tamén o verbo *firmar*, sinónimo de *asinar*, que foi o que deu orixe ao substantivo *firma*, palabra que significa *sinatura* e mais *razón comercial*.

11.3

...que o acusa... de terse aproveitado (ou, mellor, de se ter aproveitado) na compra-venda... (o nome francés do semanario é "Le Canard...")

...se superou a devandita (colocación do pronome e falta do artigo 2 veces).

...irmándose (verbo, non substantivo, e mais colocación do pronome)...

11.4

Tamén salientou que, case como unha nobre reivindicación laboral, BD Banda paga aos seus colaboradores no momento en que estes entregan os orixinais.

O director do Inega opina que no 2012, Galicia debería producir tantos megawatts do vento coma os das hidráulicas, "e ademais temos que liderar o aproveitamento da biomasa".

12.1

...coa arca de... /...na que o acusan de... /...blíndanse... / ...en que fase se atopa... / ...e cómea. / ...o lixo que esparexeron. / ...suman os descartes... / ...se desen conta...

12.2

Corrección: *Unha muiñeira...*

Nota: Que o xornal non escriba ben o nome da danza popular que é considerada o noso baile nacional resulta sorprendente. E mais non se trata dunha errata porque na noticia figura así escrita nas tres ocasións en que se fala dela. O que acontece é que a noticia orixinal, en español, empregaba xa *muñeira*, denominación deturpada que aparece con frecuencia nesa lingua.

Corrección: *...tanto a variedade coa que están elaboradas como a anada.*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba *la añada* (substantivo ‘cosecha del año’). O tradutor confúndeo con *añada*² (do verbo *añadir* ‘agregar’) polo que o traduce en galego como *engada*, que corresponde a esta segunda acepción (e que a maiores non pode levar artigo pois é un verbo) cando debería telo traducido como *a anada*

12.3

...ter mesmo resolto (infinitivo pasado *ter resolto* e mais adverbio, que en español era *incluso*)...

...que empregou dúas defensas....Na súa defensa... "intimidatorio e disuasorio".

...acúsano...perxurio...

12.4

Conta a tradición que no ano 1112 dona Urraca foi acollida polo bispo don Pedro e viviu unha tempada no corazón do casco vello de Lugo...

13.1

...querébase... / ...da era dixital... / ... ao seu vástago. / ...anuncia ter pechado o acordo... / Na devandita comisión... / ...cifrase arredor do 20% / ...da augardente galega... / "E ocorréusenos..."

13.2

Corrección: *Achan despezado o corpo...*

Explicación: O titular orixinal, en español, é *Hallan descuartizado el cuerpo...* Neste caso non pode tratarse dun cruce de palabras porque en español o único significado do verbo *descuartizar* é ‘dividir en cuartos una cosa, despedazar’. En galego *descortizar* é :1) ‘arrincarlle a cortiza a unha árbore, descascar’; 2) ‘abrir un cortizo para lle tirar o mel’; 3) figuradamente, en Cirurxía ‘separar a parte máis superficial dun órgano’. Non existe *descortizar* como equivalente de *descuartizar* e a normativa indica que se debe empregar *despezar*.

Corrección: *...por explotar emigrantes.*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba o verbo *explotar* ('aprovecharse del trabajo de alguien, estipularle condiciones abusivas'). O tradutor confúndeo con *explotar*² 'hacer o provocar explosión' polo que o traduce en galego como *estoupar*, que corresponde a esta segunda acepción, cando debería telo traducido como *explotar*.

13.3

...fareiros... Tres túrnanse... e, mesmo, a costa...

Dúas mil...para pediren...

...o seu visto e praxe ...de autonomía sabendo que (ou sabedora de que) contiñan erros... (a frase orixinal dicía ...ha dado su visto bueno a cuatro estatutos de autonomía a sabiendas de que...)

13.4

-Ás veces, no Alto da Xesta, paréceme velo ao lonxe cun libro na man...

14.1

As engurras de... / Os partos na casa... / Admitiu ter deseñado... / por sitio ningún. / Apenas doce horas despois da inauguración... / ...é máis exquisito e se achega á... / ..na miña contra... / ...terse gañado a confianza...

14.2

Corrección: *Unha “manifesta inimizade” con Garzón...*

Explicación: O titular en español dicía *Una “manifiesta enemistad” con...* . Na súa base de datos o tradutor automático atopa *enemistad*¹ (imperativo do verbo *enemistar*) e non *enemistad*² 'sentimento de hostilidade cara a alguén ou a algo' que é o que figura na frase orixinal. Como en galego non existe o verbo *inimizar* e o equivalente na súa base de datos debe ser *por/poñer a mal*, o tradutor automático dá como equivalente a frase devandita aínda que careza de sentido.

Corrección: *Un camión envorca en Betanzos e verte 1.200 litros de sosa líquida*

Explicación: A noticia, e o seu titular, referíanse á substancia química denominada *sosa*. O tradutor automático, na súa base de datos de palabras españolas atopa *sosa*², feminino do adxectivo *soso* 'falto de sal o de sabor' e traduce a palabra *sosa* do orixinal por uns dos seus equivalentes galegos *eslamiada*. Naturalmente, o que había que dicir é *sosa*.

14.3

...que non se volverá a presentar (colocación do pronome e presenza da preposición a cando non a leva a construción *volver+infinitivo*)

...por botar...dentro dunha canceira. (A frase orixinal, en español dicía *dentro de una perrera*. O tradutor automático atopa na súa información a palabra *perrera*² - españolismo moi usado popularmente en Galicia como sinónimo de *flequillo*- e utilízao cando a noticia facía referencia a *perrera*¹ 'lugar en donde se guarda o se encierra a los perros').

... un fento (ou feito, felgo) ... Aves como a pita do monte ou mamíferos...

14.4

- "*Se me tiran o coche é como se me tirasen anos de vida*".

"*En realidade tiña unha idea para facer unha longa de ficción*"

15.1

...perfumes e locións... / ...para condenalo. / ...se aplique... / dous menos... / ...e que se sente apoiado... / ...pero estámola perdendo aos poucos / ...o cal non sei se é... / ...non se localizou ou identificado...

15.2

Corrección: *Detido un ex-xeneral...*

Explicación: o texto orixinal do xornal, en español, utilizaba a palabra *general* (substantivo 'oficial del más alto grado del ejército'). O tradutor confúndea con *general*² (adxectivo, 'que atañe a la totalidad o al conjunto') e por iso traduce en galego como *xeral* cando debería tela traducido como *xeneral*.

Corrección: *...de moedas de 1 dólar*

Explicación: A frase orixinal en español ten tamén un “erro de impresión”: di *monedas de 1 dolar*. A falta do acento foi fundamental para que o tradutor automático cometese un erro: interpreta *dolar* como un verbo español ‘desbastar o labrar madera o piedra con la doladera o el dolobre’. De aí ven que traduza en galego por *desbastar*, aínda que a frase resultante constitúe un auténtico despropósito

15.3

...ao caer...cantís...

... acerca do clima... (ou arredor do clima...) ...o xeólogo... non se van fundir...

...novillas...razaloura...

15.4

- "Se algo funcionou mal, como di a ministra, queremos saber exactamente que foi" .

- o resultado é moito máis positivo que en anos anteriores; tamén se están investigando máis incendios. (24/06/07)

VERBICIDIO

Ao utilizarmos un tradutor automático debemos ter coidado non cometermos *verbicidío* ningún.

É doado de entender este termo, que se ven usando internacionalmente cada vez máis dende hai algunhas décadas. Refírese ao acto de agredir a unha palabra provocando a perda do seu significado auténtico. Non é necesario que a palabra desapareza: se lle tiramos o seu significado tirámoslle a vida.

Pero se o termo *verbicidío* é recente non o son as agresións mortais ás palabras. Pódese dicir que son tan vellas coma o mundo, ou , se queremos, tan vellas como a fala. Dende sempre as palabras veñen sufrindo agresións ao seu significado. Naturalmente, na maior parte dos casos son *verbicidios involuntarios*, verbicidios por ignorancia.

Para ilustrarmos o caso do verbicidío por ignorancia podemos citar o incorrecto emprego dos verbos *escoitar* e *ouvir*. *Escoitar* é ‘poñer atención para percibir a través do ouvido’ e *ouvir/oír* ‘percibir a través do ouvido’. Cando, por exemplo, para facer unha proba de son, alguén pregunta “*Escoitades ben?*” e lle responden “*Non, escóitase mal*” cométese un verbicidío, pois deberíase dicir “*Ouvides/oídes ben?*” e a resposta ser “*Non, óuvese/oése mal*”. Paralelamente, é tradicional nalgunhas partes de Galiza utilizar só o verbo *mirar* cos significados de *ver* e mais de *mirar*. “*Miraches a meu pai?*” pregúntase no Morrazo en lugar de “*Viches a meu pai?*”. Isto provoca que algunhas persoas desa bisbarra, ao falaren español e queren facer a distinción entre *ver* e *mirar* sen captaren ben a diferenza, digan frases como *Ve para mi!* en lugar de *Mira para mi!*

Tamén podemos percibir un certo perigo para a distinción entre os verbos *declarar* e *confesar*. Algunhas persoas –moitas veces xornalistas de medios escritos e falados- utilizan *confesar* cando deberían empregar *declarar*, *manifestar* ou un verbo similar. *Confesar* ven sendo ‘recoñecer ou admitir algo que resulta incómodo, manifestar algo que se mantíña oculto’ polo que non é o mesmo que *declarar* ou que *manifestar* sen máis matizacións.

O verbicidío é característico dos sistemas dictatoriais. No franquismo houbo abondosos exemplos de verbicidío e manipulación da linguaxe: ao despido dos traballadores chamábanlle *regulación de emprego*, ao retroceso económico *desaceleración* e á propia ditadura *democracia orgánica*. Pero o verbicidío continuou, como o proba o peche de empresas denominado *reconversión*. Cando o *eufemismo* –é dicir a substitución dunha palabra que denomina unha realidade considerada “desagradable” por outra menos “marcada” (por exemplo *cú* por *traseiro*)- ten unha intención deformadora e manipuladora convértese en verbicidío. Diferenza ás veces moi sutil na linguaxe da publicidade.

O verbicidío organizado e sistemático foi levado a cabo por un réxime criminal como foi o nazismo.

Naturalmente, nós falamos aquí dun verbicidío menor, illado e mesmo inconsciente, lóxicamente non intencionado. E incluímos, por extensión, no verbicidío, toda á agresión á forma da palabra (á morfoloxía) e ao seu artellamento coas outras palabras (á sintaxe).

O verbicidío é unha consecuencia moi probable do mal uso dun tradutor automático. Este trátase dun *verbicidío por imprudencia*. Coñecemos perfectamente que –sendo unha ferramenta utilísima- o tradutor automático ten as súas limitacións e as súas eivas que cómpre coñecer e corrixir. Debemos usalo como un auxiliar, non como

un substituto. Por iso, o traballo desta ferramenta informática debe ser revisado por persoas capacitadas se o que se pretende é darlles aos textos unha dimensión de credibilidade e un uso público.

Que exista unha versión en galego *en liña* da Voz de Galicia é algo moi interesante e beneficioso para os lectores e lectoras e para a propia lingua galega. Naturalmente, sempre que esa versión estea nun galego correcto, ao mesmo nivel que a *web en castellano*. O tradutor automático que se utiliza é –como dixemos ao principio deste libro- de bastante boa calidade e as súas eivas poden ser melloradas. A realización, pola empresa que o elaborou, doutros instrumentos informáticos no ámbito da lingua galega –por exemplo do utilísimo, claro e áxil *Diccionario de Dictionaries* do Instituto da Lingua Galega e a Fundación Barrié de la Maza- é unha garantía da súa profesionalidade ao servizo do país. Con todo, mesmo moi mellorado, o tradutor terá sempre as limitacións inherentes a calquera ferramenta automática, polo que os resultados precisarán inevitablemente da revisión.

Esa revisión será sempre imprescindible cando se empregue calquera tradutor automático para un traballo que vai ter transcendencia pública, sexa no ámbito da comunicación ou da Administración. Decatémonos da importancia da precisión da linguaxe no eido da Xustiza, por exemplo.

Se este traballo contribúe algo ao perfeccionamento do galego dos lectores e lectoras e, por parte, á mellora dunha útil ferramenta de comunicación, sentirémonos plenamente satisfeitos, pois eses eran os nosos obxectivos.